

## foz

Volve o Run Foz Run Summer Camp, o campamento para os meses de verán. **Pax. 5**

## viveiro

O 2 de xullo regresa a Rapa de San Andrés de Boimente, nos montes de Buo. **Pax. 6**

## burela

Vaise remodelar a zona infantil de xogos no parque Rosalía de Castro. **Pax. 8**

## xove

O concello acollerá este ano as II Xornadas etnográficas da Mariña os días 16, 17 e 18. **Pax. 14**

## o vicedo

A organización da Romaxe Viquinga informou da data de celebración temática. **Pax. 16**

## Sorpresas e esperas

As eleccións non acadaron os resultados que todos os partidos desexaban polo que moitos terán que esperar ás negociacións



## Os areas da comarcan ondean de azul

Este ano A Mariña volve contar con 18 bandeiras azuis, que se reparten en todos os concellos. **Pax. 2**

## A Deputación inviste en servizos

Aprobados os investimentos para a dotación de servizos e apoio ao sector primario. **Pax. 27**

## O ladovi de Cervo recolecta éxitos


Falamos con Jorge Galante que é o presidente do Club de Tiro con Arco ladovi. **Pax. 29**

## San Xoán de Covas



As tradicionais festas comezarán cunha gran verbena e a fogueira. **Pax. 6**

## Santa María de Lieiro



A parroquia cervense acollerá esta festividade durante catro días. **Pax. 7**

## Barreiros ConVídete



Terá lugar nas distintas parroquias do municipio durante xuño e xullo. **Pax. 12**

## SE TANTO A QUERÍAS, XA TES A FIBRA QUE MERECEÍAS

**adamo**  
Fibra · Móbil · Fixo · TV

Chama gratis ao **900 651 679** ou configura o teu paquete en **adamo.es**

Oferta válida para novos clientes que non contrataron un Adamo nos últimos 3 meses e que contrataron entre 01/06/2023 e o 23/08/2023, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST+ · Móbil ilimitado 50GB coa promoción, durante os primeiros 12 meses, só pagarás 28€/mes, despois PVP total 44€/mes. Prezo final con IVE e taxa de IMA incluídos. Promoción suxeita a permanencia cos servizos de Adamo de 12 meses. Cota de activación de 12,10 € (IVE incluído) que inclúe a instalación dun router premium. En caso de que o cliente solicite a cancelación do servizo e se dese de baixa antes dos 12 meses, terá un cargo (a parte proporcional de 163,35 € (IVE incluído) en concepto de permanencia. Límites adicionais limitados a un máximo de 4 por cliente.



# A MARIÑA

## A planta de biorresiduos de Cervo xa entrou en funcionamento



Tras culminar a obra da planta de biorresiduos de Cervo, situada no polígono industrial de Cuíña, onde ocupa unha parcela de case 8.000 metros cadrados, esta instalación entrou en funcionamento o 1 de xuño, data a partir da cal está ao dispor dos 15 concellos que, a priori, utilizarán os seus servizos. É o caso de Alfoz, Barreiros, Burela, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Muras, Ourense, Ribadeo, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo e o coruñés de Mañón, aglutinando todos eles unha poboación de 69.331 habitantes.

Cun investimento próximo aos 6,4 millóns de euros, a planta de Cervo, que acollerá todo o proceso de compostaxe -pretratamento, fermentación, maduración e almacenamento- disporá de capacidade para tratar 3.000 toneladas anuais de materia orgánica, ademais de 1.600 toneladas de material estruturante —é dicir, podas e restos de madeira-, estimando unha

producción de 1.500 toneladas de compost cuxo destino será fundamentalmente a agricultura e a xardinería, en substitución dos fertilizantes artificiais.

A planta equipouse con novos e innovadores sistemas de depuración de augas e de aire, así como de control do nivel de ruído, e será autosuficiente desde a dimensión enerxética ao estar alimentada por enerxías renovables, contribuíndo desta forma á loita contra o cambio climático.

A normativa europea fixou no seu momento o 31 de decembro de 2023 como prazo límite para a implantación da recollida diferenciada da materia orgánica por parte dos concellos, os cales teñen as competencias para a súa xestión. Con todo, a Xunta propúxose axudar aos entes locais a dar debido cumprimento á lexislación vixente e, con tal fin, deseñou unha rede de infraestruturas para a valorización da materia orgánica que Sogama se encargou de executar.

## 18 bandeiras para a comarca

O distintivo reconece os areas por sostibilidade, accesibilidade e servizos

Este ano A Mariña volve contar con 18 bandeiras azuis segundo a información que deu a coñecer a Fundación Europea de Educación Ambiental. Así, todos os concellos da Mariña terán polo menos unha praia con bandeira azul este verán. Galicia logrou 113 bandeiras azuis e España obtivo 729, das que 627 son praias, 97 portos deportivos e 5 en embarcacións turísticas sostibles, liderando así o ranking mundial.

O alcalde en función de Burela, Alfredo Llano, fai un balance moi positivo das bandeiras azuis que neste 2023 lucirán as praias de A Marosa, O Portelo e Ril, así como o barco museo Reina del Carmen e o Centro de Educación Ambiental Gaia. O rexedor subliña que “estes recoñecementos son froito do traballo ben feito”.

Llano subliñou que “estas bandeiras azuis son tres recoñecementos para as praias de Burela moi merecidos porque penso que se están facendo as cousas ben. Estas distincións únense ás que veñen de recibir o Centro de Educación Ambiental Gaia e o barco museo Reina del Carmen, motivo polo que estamos especialmente satisfeitos”.

O alcalde en funcións de Cervo, Alfonso Villares, valorou os recoñecementos e quixo felicitar tamén de novo a Paco Fra, porque a súa Carpintería de Ribeira, única na provincia, foi recoñecida por sexto ano consecutivo como Centro Azul “pola súa contribución á divulgación en materia medioambiental, realizando un traballo artesanal respectuoso coa contorna”.



A Delegación de Turismo do Concello de Foz amosa a satisfacción “pola concesión un ano máis de 5 bandeiras azuis ás nosas praias e outra ao sendeiro azul que vai de a Rapadoira ata Areoura, bordeando todo o litoral. De novo Foz é o concello lucense que máis bandeiras acumula e son nas praias de Rapadoira, Llas, Peizás, Polas, e Areoura”.

O concelleiro en funcións de Medio Ambiente de Ribadeo, Jorge Díaz Freije, fai unha valoración positiva das bandeiras azuis que veñen de conseguir as praias de As Catedrais e Os Castros-As Illas.

Un ano máis, o Concello de Viveiro recibiu a notificación que certifica que a Praia de Area terá de novo a Bandeira Azul. Este distintivo avala a calidade das súas augas e os servizos prestados, acreditando que a Praia de Area cumpre e mantén uns estritos criterios ambientais, educativos, de seguridade e de accesibilidade.

“A evolución dos datos de turismo en Viveiro no último ano e as

perspectivas que avanza o sector indican que vai ser un verán moi bo para a nosa vila, para a nosa hostalaría e o noso comercio. Estamos orgullosos de que a Praia de Area sexa un atractivo máis para atraer ao turismo de natureza e sostible que estamos a defender e polo que traballamos dende o primeiro día dende o Concello”, subliña a alcaldesa en funcións, María Loureiro.

### PRAIAS

**Barreiros:** A Pasada, Coto e Fontela Valea  
**Burela:** A Marosa, O Portelo e Ril  
**Cervo:** O Torno  
**Foz:** A Rapadoira, Areoura, As Polas, Llas e Peizás  
**O Vicedo:** Abrela e Xilloi  
**Ribadeo:** As Catedrais e Os Castros-Illas  
**Viveiro:** Area  
**Xove:** Esteiro

**PREFABRICADOS  
Y HIERROS  
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO  
SERVICIO:  
PLANTA DE  
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros  
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34

27614 Sarria - Lugo

Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501

Móvil: 629 802 700 - 629 817 933

email: hierrostouron@gmail.com



## A Mancomunidade avanza na execución do Plan de Sostibilidade

A Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense avanza na execución do Plan de Sostibilidade Turística 2022 – 2024. Os técnicos traballan nos pregos de licitación para, nun curto prazo, comezar a contratar os proxectos vinculados ao turismo deportivo e de natureza.

Desde a Mancomunidade explican que “dende fai xa uns meses o ente xestor do turismo na comarca ocúpase, xunto a Concellos e axentes relacionados -nun necesario exercicio de participación-, na definición de actuacións prioritarias e de maior envergadura que teñen que ver, por exemplo, co reforzo de infraestruturas, produtos e experiencias turísticas sostibles en torno ao deporte e a natureza coa concreción dun plan operacional”.

Francisco Cajoto, presidente da Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense, referiuse ao plan operacional para o turismo deportivo e de natureza: “os técnicos da Mancomunidade traballan nos pregos de licitación para, nun curto prazo, comezar a contratar a redac-



ción do proxecto técnico dun Centro BTT, que implicará a definición dunha gran ruta BTT circular e de rutas satélite por concello, tres puntos de acollida repartidos no territorio con servizos de recepción e información, parking, baños e duchas...ou a ubicación e características de 13 puntos de reparación de bicicletas que deben facilitar de xeito gratuito nos concellos onde non haxa punto de acollida a posta a punto e a realización de reparacións básicas que a persoa usuaria poda necesitar. Estamos a falar de elementos básicos tales como bomba de aire, chave

inglesa, kit de chave Allen e Torcx, e desmontables, entre outros. Tamén se está traballando nos pregos para o proxecto técnico dunha rede de rutas de sendeirismo, os servizos para a elaboración de estudos de capacidade de carga de 11 recursos con especial fragilidade do territorio, ou o deseño, organización e execución dun programa de xeorutas e do Xeolodía en 2024. Outras accións a acometer serán o subministro de bicicletas eléctricas ou organización e xestión de cursos TD1 de surf, do que pronto se anunciará a primeira edición”.

## O Mitma asinou acordos para a rehabilitación de 66 vivendas

O Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana, a través da Dirección Xeral de Vivenda e Chan, asinou acordos con varios concellos da comunidade autónoma para a rehabilitación de 2.396 vivendas, todas de titularidade privada. Na Mariña son 66 vivendas repartidas en: 18 en Lourenz; no Casco Histórico e Barrios Históricos de San Lázaro e Os Muíños de Mondoñedo son 28; no Casco Histórico de Ribadeo 14 e 6 en Rinlo. Do total orzado de 64,7 millóns de euros para levar a cabo estas actuacións, Mitma achegará 26,9 millóns de euros con cargo aos fondos NextGenerationEU no marco do Plan

de Recuperación, o que representa máis dun 41 % do investimento previsto. O resto do financiamento achegaríana os particulares e, no seu caso, as entidades locais.

As actuacións levarán a cabo, nunha única fase, en 46 contornas residenciais dos municipios de Lourenz, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Quiroga, Ribadeo e Sober, entre os demais da comunidade galega.

A xestión das axudas de rehabilitación edificatoria realizarase a través das correspondentes convocatorias tramitadas polos concellos, que actuarán como entidades xestoras do programa. As axudas

de rexeneración urbana e as destinadas ás oficinas de rehabilitación concederanse directamente aos consistorios por parte da comunidade autónoma galega.

Estes acordos contemplan a transferencia de ata 2.970 millóns de euros ás comunidades e cidades autónomas en tres anualidades para financiar este tipo de intervencións en vivendas, edificios residenciais e barrios.

Na provincia de Lugo, Mitma asinou acordos con seis concellos para a rehabilitación dun total de 185 vivendas e as súas contornas residenciais cunha achega de 2,6 millóns de euros.

## A EDP Surf for tomorrow impulsou a inclusión, o deporte e a sustentabilidade



Seguindo co seu compromiso coa sustentabilidade, a preservación dos mares e a responsabilidade social, e dentro da súa campaña EDP Chancing Tomorrow Now, EDP realiza en diferentes lugares da xeografía española a súa iniciativa EDP Surf for tomorrow, unha actividade deportiva cuxo obxectivo é ofrecer o surf como ferramenta lúdica e integradora así como fomentar o deporte e a vida saudable, e que agora chega, por primeira vez, a Galicia.

A actividade desenvolveuse na praia da Rapadoira, en Foz. Esta primeira edición contou coa participación de Sensación Surf, cuxos monitores foron os encargados de que os mozos gocen aprendendo a deslizarse sobre as ondas, ademais

de ensinar aos participantes algunhas das posturas iniciais de ioga. Todo isto completouse cunha actividade de manualidades relacionadas co surf. Á xornada asistiron 20 mozos con discapacidade intelectual, pertencentes á Asociación Aspnaís, Asociación de Pais ou Tutores de Persoas con Discapacidade Intelectual de Lugo.

Os responsables da asociación mostraron desde o primeiro momento un gran interese en formar parte desta iniciativa, que resulta moi positiva para a integración, a socialización e a mellora do desenvolvemento psicomotor dos mozos, facilitándolles ademais pasar unha xornada de aprendizaxe e diversión compartida cos seus compañeiros.

## As oficinas de emprego de Viveiro e Ribadeo usarán a intelixencia artificial

As oficinas de emprego de Viveiro e Ribadeo sufrirán un proceso de modernización coa nova ferramenta tecnolóxica EMI (Emprego Inteligente). Baseada na intelixencia artificial permitirá axustar en tempo real as demandas de man de obra do tecido produtivo aos perfís das persoas demandantes rexistradas polo servizo público. Tratarase de aproveitar as posibilidades que brindan a intelixencia

artificial e a analítica avanzada en prol da xeración de máis de mellor emprego en Galicia.

Así, quérese mellorar o encaixe entre as persoas demandantes de emprego e as necesidades do mercado laboral e realizará un seguimento intensivo das persoas usuarias das oficinas con maiores dificultades para atopar traballo, informou a representante autonómica.



¿Tú también tienes el carné de ministro? ¡Si es que hoy en día lo puede tener cualquiera!

Recibirás una copia por mail para que lo lleves siempre contigo. Sino, podrás solicitarlo y disfrutar de 5 céntos/l. de descuento en carburante cuando vengas a darte un capricho.

Ortegal Oil

www.ortegaloil.es

Ortegal Oil



## O PP insta a publicar o novo rueiro e a establecer unha oficina para dúbidas

O PP de Foz instou ao alcalde, Fran Cajoto, a publicar o novo rueiro e a establecer unha oficina municipal para axudar aos veciños a cambiar a dirección nos documentos que se verán afectados pola nova numeración dos edificios.

O portavoz popular, Javier Castiñeira, sinala que “unha vez máis, Cajoto tira a pedra e esconde a man. O proxecto do novo rueiro cambia practicamente a totalidade da numeración das vivendas das parroquias e unha gran parte tamén das do casco urbano”.

Castiñeira insta a Cajoto “a poñer un servizo municipal para axudar á xente para cambiar os documentos”. Cre que o rueiro “hai que expoñelo ao público e buscar a opinión dos veciños e non como fai sempre: botar a culpa ao PP e ás asociacións”.

No PP insisten en que “o cambio da numeración das vivendas afecta practicamente a totalidade dos veciños de Foz, o que trae moitos problemas”.

## Aberta a nova pista multideporte da rúa focega de Pintor Laxeiro

O alcalde en funcións de Foz, Fran Cajoto, informa de que a nova pista multideporte da rúa Pintor Laxeiro permanece aberta para uso e disfrute de todas as veciñas e veciños. A pista, situada en terreos do CEIP O Cantel, está a ser utilizada polas alumnas e alumnos do colexio en horario lectivo e permanece aberta para todos os veciños fóra das clases.

Cajoto explica que “a nova pista foi construída con dous accesos, un desde o centro escolar e outro desde a rúa. Deste xeito cando terminan as clases pode ser usada por todas as veciñas e veciños de Foz, aproveitando dun xeito moito máis eficiente esta nova infraestrutura deportiva”.

A nova pista multideporte conta cunha superficie de xogo de 30 por 15 metros, chan de formigón pulido pintado e peche lateral a 1 metro en taboleiro fenólico. A pista permite a práctica de balomán e fútbol sala, con dúas porterías antivandálicas



de 3 metros de base e 2 metros de altura; o baloncesto, con dúas canastras fixas antivandálicas; e o tenis, voleibol e bádminton, cunha rede desmontable.

“Este martes remataron os traballos de pintado das liñas de xogo e hoxe, xoves, xa está aberta para todo o mundo. Grazas a unha iluminación led con detector de presenza -só funciona cando alguén está xogan-

do na pista- permítese a práctica deportiva pola noite”, destaca o alcalde, que pretende con esta actuación fomentar o deporte, especialmente entre os máis novos.

As obras foron financiadas polo Concello de Foz nunha cantidade de máis de 33.000 euros e pola Concellería de Cultura, Educación e Universidade, que aportou os 62.000 euros restantes.

## O BNG solicitou a retirada dos Plans de Ordenación dos Espazos Marítimos

O BNG de Foz solicitou a retirada dos Plans de Ordenación dos Espazos Marítimos, POEM. “O BOE do 4 de marzo deste ano publicou os POEM co que se pretende instalar no noso país o 43 % da eólica mariña prevista para todo o Estado, uns 2.200 quilómetros cadrados de costa. De consumirse, suporía a perda de miles de postos no sector pesqueiro, sector chave da nosa economía e convertírase nun dos maiores ataques históricos á pesca e aos ecosistemas mariños. A pesca representa a día de hoxe máis de 31.000 empregos directos e de 120.000 inducidos, representa o 2 % do PIB galego (o 4,8 % se atendemos a todo o sector do mar). Os POEM suporían a destrución do sector pesqueiro para que se sigan enriquecendo as grandes eléctricas, convertendo ao noso país nunha colonia enerxética”, din os nacionalista focegos.

## O programa Aberto x Vacacións contará cunha chea de actividades para os nenos

A Delegación de Xuventude do Concello de Foz ten programado un verán cheo de diversión para os nenos e nenas, no que realizarán unha morea de actividades de luns a venres.

Haberá actividades no CEIP O Cantel, na praia, roteiros,... e en horario de 10.30 a 13.30 horas. Para os que necesitan unha maior conciliación, dispoñen dun servizo tipo m adrugadores pero baixo o nome Érguete, con inicio ás 9.00 horas.

O programa Aberto x Vacacións estará formado por dous grupos, segundo as idades. As prazas son limitadas polo que o proceso constará de: preinscrición, publicación de persoas admitidas e formalización de inscrición.

Terán prioridade aqueles nenos cuxos proxenitores traballen durante as quendas solicitadas, así como familias monoparentais ou monomarentais na mesma situación (entrega de documentación acreditativa durante a preinscrición ou non será tida en conta a prioridade), os me-



nores empadroados no Concello de Foz a data 16 de maio do 2023, irmáns preinscritos, así como alumnado das EDM. A listaxe dos códigos das persoas admitidas será publicada na sección de Novas da web do Concello de Foz ([www.concellodefoz.gal](http://www.concellodefoz.gal)), despois da realización das comprobacións e do sorteo.

## A Feira de Gando da Espiñeira celebrárase o 18 de xuño en Vilaronte

O Concello de Foz en colaboración co Noso Foz e a Asociación Cultural Virxe do Pilar anuncia que a Feira da Espiñeira celebrárase o domingo 18 de xuño no recinto habitual na parroquia de Vilaronte.

A feira da Espiñeira celébrase de forma habitual o terceiro domingo do mes de xuño, o anterior ao San Xoán, patrón da parroquia de Vilaronte, e que ten as súas festas nesa data, polo que a feira de gando é sempre a antesala aos festexos da parroquia.

O Concello lembra que as portas abriranse ás 10.00 horas e ás 12 horas haberá un pasacalles. A partir das 13 horas, sesión vermú con cantina e polbería e tamén inchables para os máis cativos. Para participar será necesario anotarse antes do 10 de xuño chamando ao teléfono 658 032 019.

Como é habitual, os exemplares recibirán diversos premios en función das categorías ás que opten: mística cabalo de cadeira,



miss egua de cadeira, mística cabalo de tiro, miss egua de tiro, miss ou mística burricán, animal máis destacado, miss vaca, mística touro, animal máis engalanado e miss ou mística poldro do ano. A feira foi recuperada no ano 1998 por parte dos veciños da Espiñeira despois de 20 anos sen celebrarse, e é moi importante para que os cativos teñan contacto coa natureza e a gandería.

## O Concello estrea nova web municipal

O Concello conta cunha nova web municipal, un traballo de modernización imprescindible que trae novidades importantes en materia de adaptación ás novas tecnoloxías. Unha das novas máis destacadas é a presenza da radio municipal en emisión online.

A web facilita a consulta de moitos servizos municipais, sendo máis visuais e sinxelos. Na parte de urbanismo, ademais de informar dos distintos procedementos, pódese acceder ao PXOM municipal ou descargar a planimetría do inventario de camiños. Existe tamén unha guía municipal moi completa e enlaces sinxelos ás ordenanzas municipais e á sede electrónica do Concello.

A cultura tamén ocupa un lugar moi importante da páxina, xa que se poderá consultar a axenda de eventos e ademais o cronista oficial conta cun espazo propio para a publicación de textos sobre a historia de Foz: a Bitácora focega.

A web continuará sendo actualizada coas novidades que se produzan no concello, buscando ser unha ferramenta de uso sinxelo para todos e unha ventá atractiva para a consulta e o coñecemento de Foz. Traballo que se complementará coa nova web de turismo, que está en elaboración.



# “O noso obxectivo é o benestar dos maiores e dos cuidadores”

José Ramón Rodríguez é o presidente da Asociación Cuiden maiores e cuidadores

## Que é a Asociación Cuiden maiores e cuidadores?

É unha asociación sen ánimo de lucro creada por profesionais do sector sociosanitario, que día a día, no labor do cuidado de persoas maiores e de falar coas mesmas como cos seus familiares cuidadores, van vendo as carencias, a falta de información, a falta de apoio e de axuda, ... no cuidado, non soamente das persoas maiores, senón a dos propios familiares cuidadores. E poderíamos seguir así ata mañá, indicando os motivos polos que se creou a asociación. En resumo, o noso obxectivo principal é a de traballar por mellorar a calidade de vida tanto das persoas maiores como a dos seus familiares, cuidadoras.

## Dende cando está activa?

A verdade é que está creada a finais do ano 2022. E é agora, cando comezamos a rodar ... e xa comezamos co noso labor nalgún concello.

## Quen forma a directiva?

A directiva esta formada por persoal sociosanitario a excepción dunha. Na presidencia levo dende que se fundou a asociación, novembro de

2022. É dicir, estamos comezando, pouco a pouco e pasiño a pasiño.

## Cales son os obxectivos?

Evidentemente temos un obxectivo principal, o benestar tanto das persoas maiores como a dos seus familiares, cuidadores. Son moitas as fronteas abertas, tanto para as persoas maiores como a dos seus familiares, para chegar a alcanzar o benestar de todos eles.

## Que tipo de actividades fan?

Estamos aínda comezando. Proximamente realizaremos tres programas no Valadouro. Dous de eles están dirixidos aos familiares cuidadores e son Coidarte e Tardes de lecer. E un terceiro programa, que está dirixido para aquelas persoas maiores que viven soas.

## Cal é a problemática á que se enfrenta un cuidador?

Moitos son os problemas aos que se pode enfrentar a persoa cuidadora: estrés, depresión, illamento social, problemas coa familia, falta de apoio, problemas de saúde, perda do seu traballo, falta de coñecementos para cuidar e/ou de autocoidado, problemas económicos, etc.

## En moitas ocasións a atención resulta complicada ou esgotadora. Que axuda a manter ao cuidador?

Se a persoa cuidadora está ben, pode proporcionar unha atención máis efectiva e afectuosa á persoa maior. A persoa cuidadora debe establecer límites, buscar apoio, manter a súa saúde, ter unha comunicación aberta e fomentar a independencia da persoa maior que cuida, entre outros.

## Cales serían algunhas suxestións fundamentais para quen cuida adultos maiores?

Coidar da súa saúde, actitude positiva, paciencia, planificar, ... e lembrar, que ninguén é perfecto nin imprescindible.

## Polo xeral, os cuidadores de persoas maiores o que primeiro perden é a paciencia. Coinciden nisto?

As persoas cuidadoras poden perder a paciencia por varias razóns, que a miúdo están relacionadas co estrés e a sobrecarga de responsabilidades.

## Que necesidades ten a asociación?

Temos varias necesidades para poder brindar servizos de calidade e un apoio efectivo.



## Que é o máis importante que queren conseguir coa asociación?

O máis importante é brindar apoio e axudar a mellorar a calidade de vida tanto das persoas maiores como a das persoas cuidadoras; sen descoidar, o fomentar a educación e concienciación sobre os problemas que afectan ás persoas maiores: discriminación, illamento social (nalgún caso, familiar), soidade, abuso, coitalos, ...; así como, a importancia da figura da persoa cuidadora, para garantir que as persoas maiores reciban o cuidado adecuado e poidan envellecer con dignidade e auto-

mía. É moi importante recoñecer e apoiar ás persoas cuidadoras, para garantir que poidan desempeñar o seu papel de maneira efectiva e saudable, o que beneficia tanto á persoa maior como á persoa cuidadora.

## Que ideas teñen para o futuro?

Temos moitas ideas e iremos de un en un. Queremos que cada proxecto que fagamos teña o éxito e sustentabilidade no tempo. En verdade, hai moitísimo traballío que facer aínda. Moito que percorrer, ata chegar a que, todas e todos, novas, novos, vellas e vellos, teñamos unha vellez digna e un cuidado de calidade.



**107 ANOS.** O Goberno local en función quixo homenaxear a Josefa Pico Teijeira, que é a veciña máis lonxeva do concello de Foz, naceu e reside na parroquia de Cangas hai 107 anos; agora vive coa súa filla Mimina e cos seus netos Andrés e Covi. Tivo 3 fillos (Moncho, Toño e Mimina) e ten netos, bisnetos e 2 tataranetos”, explicaron.

## Volve o Run Foz Run Summer Camp

O Run Foz Run Summer Camp é un campamento que promove a Run Foz Run para os meses de verán. Así os pequenos poden desfrutar do tempo de vacacións e promover a aprendizaxe a través do deporte e xerar novas experiencias que os nenos lembrarán sempre.

O principal obxectivo é que os nenos de 6 a 17 anos “páseno ben e crezan como persoas, cuns valores que lles sirvan para hoxe e para o futuro e grazas ao deporte, como fío condutor e ao noso gran equipo humano estamos convencidos de que gozarán dunha experiencia única e enriquece-

dora”, din dende a organización. O fío condutor será o deporte: fútbol, baloncesto, atletismo, surf, kaiak... e temos preparadas múltiples actividades de carácter lúdico como excursións, xogos, competicións, gimkanas, playbacks, concursos, procura do tesouro, algunha visita especial e sorpresas que pronto descubrirán.

Esta cita será en Cangas de Foz, no centro da Mariña, unha perfecta combinación de mar, praia, montaña... e unhas instalacións perfectas como epicentro do campamento; con campo de fútbol, sala de teatro, pavillón, bandadas, vestiarios, sala de compu-

tadores, ximnasio, cafetería... O campamento desenvólvese todos os luns, martes e mércores de verán. Concretamente durante xullo e agosto. Iniciándose o 3 de xullo e finalizando o 24 de agosto e o horario do campamento é de 9.30 horas a 13.00 horas. Para realizar correctamente a inscrición deberá ingresarse a cantidade correspondente segundo a opción seleccionada e enviar a folia de inscrición escaneada xunto ao xustificante de pago ao email [runfozrun@gmail.com](mailto:runfozrun@gmail.com). Para calquer consulta será necesario chamar 659 996 670 ou na web.

Nosotros elegimos la Tierra

edp

es.edp.com



## O 29 de xullo será a sexta edición do festival Ether

Este ano volve o festival Ether, que chega a súa sexta edición, e será o vindeiro 29 de xullo. Polo momento non se coñecen os artistas nin o cartel completo pero o que si se sabe é que mudan a ubicación dos xardíns Noriega Varela.

A edición deste ano apostará por un cartel igual de completo a respecto da edición anterior en termos de artistas e variedade de estilos musicais, colocando Ether como un festival de música electrónica de referencia en Galicia. Os artistas serán confirmados nas próximas semanas.

A oferta cultural ofrecida polo Ether o ano pasado dividiuse en dúas partes: o Etherkids e o festival de música. Por un lado, o Etherkids son actividades de lecer para os meniños, o comportamento creativo é promovido através de novos contextos tendo a música electrónica como protagonista.

Por outro lado, o festival de música contará coa sesión vermú, que se conectará co resto das actuacións con presenza de artistas nacionais e internacionais de Techno, House e Disco principalmente.

## A Biblioteca conta con iniciativas como o Club de Lectura

O Concello pon en valor o traballo que se está a realizar dende a Biblioteca Municipal como referente a nivel comarcal tanto polas súas magníficas instalacións como polas numerosas iniciativas que acolle e que promove ao longo dos doce meses do ano.

Entre estas propostas destaca o Club de Lectura en Feminino que modera e apadriña a actriz galega Estíbaliz Veiga que, co obxectivo de mellorar e darlle maior dinamismo, facilitou neste último ano os encontros directos coas autoras dos libros cos que se está a traballar.

Deste xeito, e a prol dunha cultura en igualdade, as súas compoñente puideron conversar e compartir as súas impresións tanto a nivel presencial como a nivel telemático con escritoras como Rosa Caba, autora de *Pornografía*, Juana Gallego, sobre *Putas de Película*, María Rosa Lojo, co libro *Fisterra*, Vanessa Santiago, autora de *A vida sinxela de Marcelo Filamento*, así como con María Solar co libro *A Culpa* e Camila Sosa Villada con *Las Malas*. O seguinte encontro será o día 30 deste mes con Estíbaliz Espinosa e a súa obra *Zoommm*.

## O 2 de xullo volve a Rapa de San Andrés de Boimente

O mes de xullo será unha nova edición da Rapa das Bestas da parroquia de San Andrés de Boimente, nos montes de Buiro, no municipio de Viveiro. Esta tradicional cita, que non se celebra dende o 2019, será o día 2 de xullo.

O programa festivo aínda non está pechado pero o que si se sabe é que manterá os actos tradicionais como a baixada do gando ao curro das 11.00 horas, unha sesión vermú e probas de andadura e galope con diferentes categorías.

Está considerada unha das tradicións máis ancestrais de Galicia, e consiste na curta da cola e as crines dos ca-

balos salvaxes que se crían nos montes da vila. O que non é máis que un traballo gandeiro rutineiro, a rapa de crins e colas, a desparasitación dos cabalos e o marcaxe a ferro dos potros nados no último ano, convértese nun espectáculo e nunha romaría.

Nas zonas onde se crían os cabalos en liberdade, como é o caso de Boimente, os curros atraen cada ano a numeroso público ávido de emocións. O duro traballo dos gandeiros vese recompensado co viño, as empanadas e todo tipo de viandas que se preparan pola contorna, e o goce das tradicionais carreiras de cabalos.

## A Semana Santa e o Camiño do Mar presentarase en Londres

A Semana Santa e o Camiño do Mar por todo o mundo promocionanse a nivel internacional gracias ao esforzo e o constante traballo realizado dende a concellería de Turismo e pola súa concelleira en funcións, Marisol Rey, os contactos que se iniciaron hai tempo coa Confraternidad de Saint James para levar a cabo unha presentación que promocioe ambos recursos no Reino Unido xa ten data. Deste xeito, o sábado 18 de novembro de 2023 será unha xornada especial para dar un novo pulo turístico a Viveiro, pois será o día no que a Semana Santa de Viveiro e o Camiño do Mar acaparen o protagonismo desta prestixiosa organización que traballa na promoción do Camiño de Santiago dende hai máis de 40 anos. A Confraternidad de Saint James foi creada en 1983 por seis persoas que compartían unha paixón pola peregrinación a Santiago. Iso os levou a organizar conferencias e a realizar



numerosas investigacións, artigos e guías sobre as Rutas Xacobeas, convertendo a súa pequena asociación nunha das máis grandes do Reino Unido. Agora, 40 anos despois, a súa evolución é espectacular con máis de 1.500 membros en diferentes países como Australia e Estados Unidos, contan ademais con dous albergues de peregrinos no Camiño, un sitio web enciclopédico e unha biblioteca moi completa dedicada á peregrinación e ao Apóstolo.



**ONDE LES TI?.** Entregáronse os premios aos gañadores do concurso de fotografía "Onde les ti?", impulsado dende o Concello de Viveiro para conmemorar o Día do Libro, nunha iniciativa na que colabora tamén o Centro Comercial Casco Histórico de Viveiro. Os premiados na edición deste ano foron Carlos Romero Quintana, na categoría adulta; Candela Rego Rial, na xuvenil, e Vega Salgueiro Bermúdez, na infantil.

## Listo o cartel para a celebración das festas de San Xoán de Covas

A comisión de Festas de San Xoán de Covas no Concello de Viveiro informou de que xa teñen listo o cartel para as celebracións deste ano.

Así, as festas comezarán o venres 23 de xuño coa a gran verbena da orquestra Fuego e Kalima 3.0 que amenizarán a lumeirada que será ás 00.00 horas.

A xornada do sábado 24 de xuño comezará con pasacalles a partir das 11.00 horas a cargo da Escola de Gaitas Cacharela de Covas, e ás 13.00 horas será a misa solemne e a procesión. A continuación haberá unha sesión vermú coa orquestra Salsarena e Anaconda.

O domingo 25 repetiránse os actos do sábado, con pasacalles e a sesión vermú aínda que nesta ocasión con Non Cho Digo e a Escola de Gaita Cacharela de Covas, e o vermú coa orquestra La Bamba.



Pola noite haberá unha gran sardiñanda no Campo da Pascua na que os asistentes poderán desfrutar desta delicia gastronómica a partir das 20.00 horas, e máis tarde La Bamba e Marbella poñerán a nota musical.

O último día da festa, o luns 26, desde as 17.00 horas celebrárase o Día do Neno con atraccións a prezos populares no Campo da Festa.

## Instaladas unhas canastras no Paseo Marítimo de Viveiro



O Concello de Viveiro ven de instalar unhas canastras para uso da veciñanza no Paseo Marítimo. Esta área dispoñía con anterioridade dunha zona de parque biosaudable con xogos que agora se retiraron co obxectivo de proceder a súa restauración. O grupo de goberno pretende volver colocalos noutra parte da vila, acondicionando unha nova área á que incorporará tamén elementos novos se fose necesario.

A nova zona deportiva de canastras que se habilita ao aire libre no Paseo Marítimo responde á demanda dos veciños e veciñas, que recla-

maban un espazo para uso exclusivo de baloncesto.

"Con esta actuación damos continuidade ás tarefas de mellora e mantemento que de forma periódica se levan a cabo nos parques e nas instalacións municipais, que inclúen labores de reparación e suxeición dos elementos de xogo xunto á substitución dos elementos deteriorados. Ao mesmo tempo, ampliamos as zonas deportivas, xerando máis áreas para que cativos e maiores poidan desfrutar do baloncesto e do tempo de lecer", afirma a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro.



cervo

riotorto

## BREVES

**ESCOLA INFANTIL.** O Concello de Cervo abriu o prazo de presentación de solicitudes de renovación de praza e de novo ingreso para o curso 2023-2024 na Escola Infantil Municipal. As familias teñen ata o 9 de xuño para formalizar a inscrición no Rexistro Xeral do Concello. Os formularios están dispoñibles na Escola Infantil, na casa da cultura e no Concello. A Escola Infantil Municipal de Cervo sitúase na planta baixa da Casa do Mar de San Cibrao na cal podemos atopar tamén diferentes dependencias que son empregadas para diferentes actividades de carácter social así como ao uso das asociacións veciñais.

**EXPOSICIÓN.** Desde o domingo, 14 de maio, haberá unha nova exposición orixinal e inédita na casa da cultura. A artista Laura Doldán, Lume da Luma, compartirá a súa arte, a través dunha vintena de obras pintadas en acuarela inspiradas en San Cibrao e a súa conexión mariñeira. A mostra poderase visitar ata o 16 de xuño en horario de da casa da cultura, e o sábado 10 de xuño, a artista realizará arte en vivo, para amosar en primeira persoa o seu talento. Esta xornada de arte en vivo será en horario de 17.00 a 20.00 horas e poderase levar calquer obxecto a decorar ben sexa roupa, parauas, bolsas, zapatos, etc.

**LETRAS GALEGAS.** Xa hai traballos gañadores do certame de Narración e Debuxo convocado con motivo das Letras Galegas. Así, na categoría de ata 8 anos, o gañador foi Jesús López, de 7 anos; e na categoría de 9 a 11 anos foi Iria Baltar, de 10 anos.

## Listo o programa das festas de Santa María de Lieiro de Cervo

O vindeiro sábado 1 de xullo comezan as festas de Santa Isabel de Lieiro, en Cervo, e neste día dará comezo propiamente a festa relixiosa en honra á Santa malia que os actos comezarán o venres 30 de xuño coa festa da Xuventude, a disco Móvil Conxuro e o guateque de DJ Frisco e Marcos Peón.

Os actos do día 1 comezarán ás 10.00 horas con pasacalles a cargo do grupo Mistura. Ás 12.30 horas celebrase a misa solemne en honra á Santa e cantada pola coral Terra Mar, e ás 13.30 horas dará comezo a sesión vermú a



cargo do grupo La Favorita. Chegada a noite as orquestras La Favorita e Panorama amenizarán

a verbena desde as 22.30 horas. No domingo 2 os veciños e visitantes poderán participar ás 13.00 horas na misa solemne na capela do Guioncho e ao termo do acto deleitarse na sesión vermú co grupo A Roda. Pola noite a orquestra Saudade e Combo Dominicano poñerán a nota musical á verbena das 22.30 horas. O luns 3 os asistentes poderán gozar a partir das 19.00 horas coa actuación do grupo folclórico Mistura e ás 20.00 horas cunha gran sardiñada. A degustación estará amenizada polo grupo Galilea e Tania Veiras.

## O Concello inviste na mellora de varias vías da parroquia de Rúa

A tenente-alcalde en funcións, Dolores García Caramés, e a edil de Obras, Mali Méndez, supervisaron en Rúa a actuación de mellora e acondicionamento de diferentes vías de comunicación na parroquia.

Tal e como explicaron, a actuación abrangue unha superficie de preto de 5.000 metros cadrados, e afecta aos camiños situados nos lugares da Carballa, Peireiro e Randeira.

A obra supón un reforzo do firme existente coa incorporación de novas capas máis adecuadas ás características do tráfico rodado que soportan estas vías;

co obxectivo tamén de facilitar a accesibilidade ás parcelas agrícolas e ás vivendas da zona.

Desde o Concello explicaron que "con esta nova actuación tratamos de ir mellorando, pouco a pouco, o asfaltado daquelas zonas do noso municipio que o precisen polo desgaste provocado polo paso do tempo e as inclemencias meteorolóxicas, para mellorar a seguridade, neste caso, do tráfico rodado".

**SINALIZACIÓN.** O Concello estivo a renovar a sinalización de todo o termo municipal que afecta ao conxunto dos núcleos de po-

boación e aos diferentes indicativos direccionais do concello.

Tal e como apunta Villares, con esta iniciativa o que pretendemos é homoxeneizar a imaxe do concello, reforzando a identidade de Cervo, e tamén é un reforzo a nivel turístico, porque cada recuncho quedará perfectamente identificado.

Todos os elementos orientativos, 736 concretamente, están construídos con materiais altamente resistentes aos axentes meteorolóxicos, de alta calidade de forma que garantan a súa durabilidade e faciliten o seu posterior mantemento.

## O Concello organiza unha excursión a Camariñas

O Concello de Riotorto organiza unha excursión a Camariñas que se celebrará o día 7 de xuño a partir das 8.00 horas.

A viaxe está prevista con saída da gasolinera e contará con almorzo no restaurante Cadaval, viista á ferverza de Ézaro e comida. Pola tarde visitarase ás palilleiras en Camariñas e farase cea no restaurante Cadaval.

O prezo da viaxe, que ten hora de regreso ás 22.45, é de 35 euros por persoa e non hai límite de prazas.

As persoas que desexen anotarse deberán facelo antes do día 4 coas monitoras dos centros veciñais.

## Riotorto contará co servizo Coidados porta a porta

O Goberno local informa que nos días 28, 30 de xuño e 3 e 4 de xullo terán fronte ao colexio de Riotorto de novo unha unidade móbil dentro da campaña Coidados porta a porta.

Esta campaña destinada a persoas maiores de 55 anos e é totalmente gratuíta. Ofrecerá tres servizos principais. Por unha banda, podoloxía con consulta básica e unha valoración do estado xeral do pé; un corte e limpeza de uñas; eliminación de durezas, calos e helomas. En audiología faise unha valoración e exploración e prevención da perda auditiva.

As persoas interesadas poderán pedir cita previa no teléfono 622 748 283.

**TU DESCANSO NOS IMPORTA**



**ES HORA DE CAMBIAR TU COLCHÓN**

**Hasta 300€ por el viejo**





**BARREIROS**  
Pol. Ind. Cruz do Lobo, Nave 10  
Tels.: 982 585 709 / 652 110 377

**RIBADEO**  
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6  
Tel.: 636 761 883

**BURELA**  
C/ Curros Enríquez, 12  
Tel.: 660 402 954



## Vaise remodelar a zona infantil de xogos no parque Rosalía de Castro

O Concello de Burela levará a cabo obras de remodelación na zona infantil de xogos no parque Rosalía de Castro. O investimento ascende a 145.000 euros e a actuación lévase a cabo grazas ao convenio asinado coa Deputación Provincial de Lugo.

O concelleiro de Obras, Ramiro Fernández, contou que “o alcalde de Burela, Alfredo Llano, ven de firmar un convenio coa Deputación Provincial. Do custe total das obras, que ascenderán a 145.000 euros, 115.000 serán financiados pola Deputación e o restante o Concello, para a remodelación integral da zona dos nenos máis pequenos no parque Rosalía de Castro”.

O edil sinalou que “se vai notar moitísimo o cambio. Será unha zona na que poidan xogar ao mesmo tempo máis de 80 cativos, contará cun barco pirata que vai chamar moito a atención. Dentro da intención que tiña o goberno local de mellorar os espazos públicos, eu penso que isto vai ser unha mellora moi importante”.

Fernández Rey engadiu que “ademais disto, se o tempo segue acompañando, esperemos que estes días poidamos rematar outra obra adxacente á zona de xogos no parque Rosalía de Castro, onde imos colocar unha zona de calistenia para que a xente máis maior poida facer exercicio. Entendemos que é



un complemento ao parque Rosalía de Castro para que tamén a xente maior poida facer uso do mesmo. O compromiso de mellorar as zonas de xogo e de lecer do noso pobo está aí e demostrámolo unha vez máis con esta actuación”.

**FONTE.** Concluíron os traballos de recuperación da fonte do parque de Rosalía de Castro. O alcalde en funcións visitouna xunto aos artistas encargados da realización destas tarefas: “a fonte foi recuperada de forma artística por Belén Mogo e por Martín Lestao. Con esta actuación para a formar parte activa da estética do parque”.

O rexedor engadiu: “estamos moi satisfeitos do resultado final destes traballos, que contribuirán a embelecer ese espazo tan concorrido da nosa vila”.


## Camiña de Burela organiza actividades para o verán

Dende Camiña queren ser pioneiros en desenvolver actividades inclusivas para toda a infancia da comarca da Mariña. Por iso, levarán a cabo actividades abertas para todos os nenos e nenas, entre 3 e 12 anos de toda a comarca que queiran ter un verán divertido e diferente, compartindo experiencias que estamos seguros que lle servirán para favorecer a empatía cara os demais.

As actividades desenvolveranse por semanas temáticas nos meses de xullo e agosto e terán prioridade aqueles nenos e nenas con diversidade funcional, pero as actividades están abertas para toda a infancia.

O prazo de inscrición estará aberto ata o 20 de xuño e as prazas son limitadas, polo que se establecerán criterios de selección.

As actividades terán un prezo de 30



euros por semana e aqueles nenos e nenas que sexan irmáns/irmás, terán un desconto na segunda inscrición.

Para anotarse e resolver dúbidas, deberase chamar ao 982 580 423 en horario de 15.00 a 21.00 horas, ou ben ir directamente á asociación.

## As festas patronais, que xa comezaron, rematarán o día 6

As festas patronais de Burela xa comezaron o pasado 25 de maio e estenderanse ata o 5 de xuño. Os asistentes a estas xornadas festivas poderán gozar cos numerosos actos programados para a ocasión.

O xoves 25 foi a inauguración na casa da cultura da mostra Burela, a súa historia a través dos seus libríños das festas. A mostra permanecerá aberta ata o 12 de xuño e poderá ser visitada de luns a venres de 9.00 a 13.00 e de 17.00 a 20.00 horas.

O sábado 3, dará inicio a confección da alfombra floral, seguida do pasacalles a cargo do grupo de gaitas A Subío da Chaira e a Banda de Música EGS. Ás 14.00 horas, será a sesión vermú amenizada pola orquestra Saudade.

Pola tarde, ás 20.00 horas, concerto da Agrupación Musical Santo Inocencio e a Banda de Música EGS. Pola noite, ás 21.00 horas oficiarase a misa na igrexa parroquial, seguida da procesión da



baixada ao porto e un espectáculo de fogos de artificio. Para rematar, ás 23.00 horas, será a verbena a cargo das orquestras A Favorita e Saudade.

Na xornada do domingo 4, os actos comezarán con pasacalles a cargo da Banda A Nosa Señora do Nordes e a Agrupación Musical Santo Inocencio. Ás 12.00 horas, oficia-

rase no porto a misa e a procesión marítima. E ás 14.00 horas, sesión vermú coa orquestra Pontevedra. Pola tarde, a partir das 17.00 horas pasacalles e para rematar, ás 22.30 horas, verbena a cargo das orquestras Pontevedra e El Combo Dominicano.

O luns 5, ás 12.00 horas terá lugar a procesión de subida desde o porto ata a igrexa parroquial, dando paso á misa cantada. Ás 14.00 horas sesión vermú amenizada por orquestra Ritmo Joven, formación que ademais animará a verbena da noite xunto coa Panorama.

O barco Siempre San Prudencio, un palangreiro de superficie que traballa nos caladoiros de Gran Sol e ten 28 metros de eslora, será o encargado de levar a imaxe da Virxe do Carmen na procesión marítima do domingo.

Na última xornada festiva, o martes 6, os asistentes poderán acudir ás 12.00 horas á cerimonia da ofrenda floral que levará a cabo no porto de Burela.

## Unha alumna do IES Perdouro premiada no #EuSonPilabot

A alumna do IES Perdouro de Burela, Ana Lestao Ben, foi premiada no certame individual de cartel publicitario #EuSonPilabot, no que puido participar alumnado de educación primaria e secundaria dos centros participantes no Concurso Pilabot. O certame Pilabot busca fomentar a reciclaxe de pilas entre a comunidade escolar e as familias do alumnado, ao tempo que se facilita información e recursos didácticos para promover actitudes positivas que preveñan os problemas de contaminación que

poden ser derivados se non se xestionan de forma adecuada.

Ademais dos concursos, a campaña incluíu a realización de medio cento de talleres didácticos nos que o obxectivo era poñer en valor a importancia das pilas na vida diaria das persoas, facer fincapé na necesidade da súa reciclaxe e implicar ao conxunto da comunidade educativa na campaña. A iniciativa contou cunha excelente acollida, tanto por parte dos docentes como do alumnado.



**ELIMINACIÓN DA DISCRIMINACIÓN.** Deixa que as diferenzas nos unan, de M<sup>a</sup> Jesús Miraz Rivera, foi o gañador do IX Concurso de Lemas. Os premiados foron Shiva Eliska Alinda Nurhakim na 2<sup>a</sup> categoría e José López Losada e Daniel Méndez Fernández na 3<sup>a</sup> categoría.

## A maxia chega a Burela o sábado 10 de xuño co espectáculo The Magic Show



A maxia chega a Burela o sábado 10 de xuño co espectáculo The Magic Show tributo familiar a Harry Potter. Unha cita indispensable para os amantes da maxia en directo, que gozarán de 75 minutos con actuacións que prometen deixar ao público abraiado, como xa o fixeron durante a súa xira polos teatros de todo o país.

Desde a organización do evento subliñan que se trata dun espectáculo perfecto para gozar en familia, no que nenos a partir de catro anos e maiores poidan gozar dos feitos e a maxia do mago máis coñecido do planeta.

As entradas anticipadas xa están dispoñibles por 12 euros máis gastos de xestión.



# I.E.S. Plurilingüe San Rosendo



## FORMACIÓN PROFESIONAL



### FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

AGROXARDINERÍA E COMPOSICIÓNS FLORAIS

"O teu comezo profesional con nós"



### CICLO MEDIO

APROVEITAMENTO E CONSERVACIÓN DO MEDIO NATURAL

Modalidade dual (con prácticas remuneradas dende o primeiro ano) e modalidade ordinaria



OFERTA DE 22 PRAZAS EN CM DUAL EN EMPRESAS DE ALTO PRESTIXIO NO SECTOR AGROFORESTAL COMO:

CARRONZA S.L.  
 FORESTAL DÍAZ CASARIEGO S.L.  
 LANDELAR  
 VIVEROS Y SERVICIOS FORESTALES CASELAS S.L.  
 VIVEROS COSTA DE LÓNGARAS S.L.U.  
 ANTONIO ALVARIÑO S.L.  
 VIVEROS FOMENTO VEGETAL S.L.  
 CENTRO JARDINERÍA GAVÍN C.B.  
 SINERGIAS SOSTENIBLES RESIFOREST S.L.  
 TENZAS ENXEÑERÍA E ASESORAMENTO LEGAL S.L.  
 NOROESTE AGROPECUARIO S.L.  
 EXPLOTACIONES FORESTALES SOUTO CARRILLO S.L.  
 XARCEMO AGRO S.L.U.  
 EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS S.A.



### CICLO SUPERIOR

XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL

Solicitado modular

PAISAXISMO E MEDIO RURAL

## OUTRAS ENSINANZAS



Matricula aberta

Diseña tu curso

**THAT'S ENGLISH!**  
 Curso oficial de inglés a distancia



### PLURIBAC

POSIBILIDADE DE CURSAR 1º E 2º DE BAC



### RADIO "O SON DA PAULA"

CON PODCAST ORIXINAIS CREADOS POLA NOSA COMUNIDADE EDUCATIVA



### PARTICIPACIÓN NOS PROGRAMAS

- Contratos-Programa
- Proxecta
- Educación Responsable
- Aulas de emprendemento
- Lanzadeiras (miniempresas)
- Polos Creativos



## Xa hai gañadores do Ribadeo de Tapeo

Xa se coñecen os gañadores do Ribadeo de Tapeo de 2023, que se desenvolveu do 13 ao 21 de maio en trinta locais hostaleiros da vila. O xurado profesional, composto por César Couceiro, Elisabet Castro e Iago Álvarez, resolveu que os gañadores do XVI Ribadeo de Tapeo foron o Bar Queimada coa tapa *Eijo* no primeiro posto, Ramonita coa tapa *Ravioli de cocido gallego* de segundo posto e no terceiro El Oviedo coa tapa *Xiba, lentella, caviar e manteiga café*. A Tapa Ribadeo foi para o *Molete mariño* do restaurante Marinero e recibiu unha mención especial por ser pensada para todo o público, por empregar na súa elaboración produto de proximidade e pola súa creatividade a *Oda á terra* do Kalpa Amodiño. Así mesmo, o público decidiu que a mellor tapa foi a elaborada por La Flor de Jose e a mellor barra recaeu no Bar Queimada. Os premios que recaeron no público poden consultarse na páxina web.

## EN BREVE

**RAG.** O ribadense Lourenzo Fernández Prieto ingresará o sábado 3 de xuño na Real Academia Galega como membro de número. O catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela dará lectura ao discurso titulado *A memoria, a historia e a política*. A esquecida polémica Cela versus Paz-Andrade sobre a legitimidade democrática, a memoria republicana e a Autonomía de Galicia en xullo de 1977, ao que lle dará resposta en nome da institución o coordinador da Sección de Historia, Ramón Villares. Lourenzo Fernández Prieto ocupará a vacante producida no ano 2020 polo pasamento da poeta Luz Pozo Garza.

**ANPA A FAXARDA.** A anpa A Faxarda está a organizar unha xornada de convivencia para o vindeiro 21 de xuño e para a cal precisan voluntarios. Nesta xornada haberá xogos tradicionais, música e unha xincana. Para participar ou anotarse como voluntario será necesario chamar ao 620 333 661 ou eescribir un email a [anpa.faxarda.cgs@hotmail.com](mailto:anpa.faxarda.cgs@hotmail.com).

**VALO.** O Concello instalou un valo publicitario xunto a unha gasoliñeira, á entrada da vila, para reivindicar os dereitos da comunidade LGTBQ+ con ocasión da conmemoración o 28 de xuño do Día do Orgullo.

## El Viejo Pancho pon a andar un Club de Lectura

A Concellaría de Cultura, a través da Biblioteca Municipal El Viejo Pancho, pon a andar a creación dun Club de Lectura, para promover a animación e o fomento da lectura en Ribadeo.

A edil en funcións Pilar Otero dixo que “sendo membros dun Club de Lectura, explóranse xéneros literarios, temáticas e autoras ou autores que por propia iniciativa non sopesariamos. A nivel persoal, promove a empatía e potencia a confianza e a autoestima. Polo xeral, as opinións dos membros do grupo enriquecen moito a impresión inicial que cada

un saca lendo en solitario”.

Esta actividade está destinada a persoas adultas e unha vez que se conforme o propio club decidirá que días e a que hora se reunirá.

As persoas interesadas poden anotarse na Biblioteca Municipal de luns a venres en horario de 9 a 13.00 horas polas mañás e de 17.00 a 20.00 horas polas tardes. A partir do 16 de xuño e ata o 15 de setembro será so en horario de mañá de 9.00 a 14.00 horas. Tamén poden contactar no teléfono 982 128 230 ou na dirección de correo electrónico [biblioteca@ribadeo.org](mailto:biblioteca@ribadeo.org)”.

## O Xara Fest, o primeiro festival de música underground de Ribadeo, chegará en setembro



O día 2 de setembro, sábado, celebrárase en Ribadeo, concretamente no Cantón dos Moreno, o primeiro festival de música underground denominado Xara Fest. Está organizado por 4 mozos ribadenses: Alberto González Díaz, Alejandro López Pena, Mario González García e Javier López do Río.

Os organizadores explican: “a nosa motivación, como di o manifesto que temos nas nosas redes, é ofrecer aos mozos da zona un tipo de

lecer moi estendido, pero que lamentablemente non se atopa nin na Mariña nin no Occidente asturiano, polo que para poder gozar del debemos ir normalmente a outras cidades como Santiago ou Xixón”.

Para finalizar os promotores deste comentan que seguen buscando financiamento “polo que se algunha empresa está interesada en aparecer no cartel ou en axudar non dubide en contactarnos”.

## Conveniadas as obras de mellora da rúa Manuela Barreiro Pico

Concello de Ribadeo e Deputación de Lugo asinaron o convenio para a mellora da rúa Manuela Barreiro Pico. A concelleira de Obras en funcións, Mónica Freire, sinalou que “o proxecto contempla a dotación de nova tubaría para abastecemento así como as acometidas as vivendas, incluída as conexións coas tubarías existentes; colocación de novo colector de saneamento dispoñendo de novos sumidoiros e pozos de rexis-

tro; substitución das farolas e luminarias existentes, por outras en LED, dispoñendo unha nova canalización soterrada en toda a rúa, incluíndo a desmontaxe das luminarias existentes e a nova colocación; disporanse tamén novas luminarias para os novos pasos de peóns; disporase unha nova capa de rodadura de pavimento asfáltico ao longo de toda a rúa; e colocaranse novo mobiliario urbano e sinalización horizontal e vertical”.

## A cubana Eliades Ochoa será a estrela do Ribadeo Indiano

A lenda da música cubana, Eliades Ochoa, será a estrela musical do Ribadeo Indiano 2023. O concerto será o 9 de xullo ás 20.30 horas no barrio indiano de San Roque.

“É considerado un dos soneros cubanos máis importantes de todos os tempos, é un notable defensor da música tradicional cubana e o mellor guitarrista da súa xeración”, din dende o Concello.

**MERCADIÑO INDIANO.** O 8 de xullo terá lugar a oitava edición

do Mercadiño Indiano, un espazo para a mostra de postos con produtos e mercancías de ultramar e tamén de oficinas da época. Este mercadiño celebrarase na rúa San Roque en horario continuo de 11.00 horas e ata a finalización do Festival de Habaneras, que será aproximadamente sobre as 22.00 horas.

Ademais os días 8 e 9 contarán co espazo gastronómico do Ribadeo Indiano onde se proporcionarán comidas a un prezo de mercado fixado polas propias foodtrucks.

## Aberta a ponte de Feve, na estrada de Vilela



Aberta ao tráfico a ponte de Feve, na estrada de Vilela, que foi obxecto dunha importante ampliación ao longo dos últimos meses.

Dende o Concello dixerón que “todo o mundo vai notar un marabillioso cambio para ben. Será o caso das nenas e dos nenos que adestran no campo de fútbol da vía, que xa non terán que verse so-

metidos aos perigos e estreiteces dese vieiro e de falta de alumeados no inverno, e no caso dos peóns poderemos andar sen tanto perigo por este espazo”.

O investimento ascendeu a máis de 500.000 euros na reforma da estrada, que discorre paralela ao campo de fútbol Pepe Barrera, e da ponte aberta hoxe ao tráfico.

## As obras de estabilización do Cargadoiro seguen a bo ritmo

As obras de estabilización da baixada á praia do Cargadoiro seguen a bo ritmo, segundo o concelleiro en funcións de Economía e Desenvolvemento Local, Pablo Vizoso.

O edil contou que “os traballos de estabilización da baixada á praia do Cargadoiro seguen a bo ritmo desde que foron xa iniciadas hai dúas ou tres semanas”.

Vizoso Galdo dixo: “trátase dunha obra moi complexa debido a que resulta necesario recalzar e estabilizar a escaleira de baixada que quedou moi deteriorada despois da arribada de pedras e o derrube do terreo e da

base que a sustiña”.

O concelleiro de Economía e Desenvolvemento Local lembrou que “polo perigo que esta situación provocaba vímonos na obriga de prohibir o acceso á praia. E, dende aquel momento, realizamos xestións coordinadas coa Dirección Xeral de Costas que deron os seus froitos. Dende o Concello asumimos o custe dos proxectos necesarios, ademais doutro tipo de traballos, e por parte do Servizo de Costas asúmese o investimento de máis de 47.000 euros, que é o que custan os traballos de reparación”.



## alfoz

## O Concello publicou o proceso selectivo da cafetería da Casa da Cultura

O Concello publicou o proceso selectivo demanial da cafetería da Casa da Cultura por concorrencia competitiva.

A cota anual mínima a ofertar é de 2.067,12 euros, é dicir, 172,26 euros/mes. E para a presentación de proposicións haberá que adxuntar o modelo de declaración responsable, a oferta económica, os compromisos de melloras, fotocopia de DNI, e os certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias.

As proposicións poderán presentarse no rexistro da Corporación ou por correo postal. Toda a información na Sede Electrónica do Concello de Alfoz (taboleiro de anuncios).

## Charla formativa para aprender a coidar dos oídos

Ás 18.00 horas do luns, 12 de xuño, no salón de actos da casa da cultura de Alfoz, haberá unha charla formativa para aprender a coidar dos oídos. Estará impartida os días 8, 9 e 12 de xuño e é aberta ao público en xeral, gratuíta e sen necesidade de inscribirse antes.

**PORTA A PORTA.** O programa Coidados porta a porta estará instalada fronte á piscina municipal d os días 8, 9 e 10 de xuño en horario de 9.00 a 20.00 horas e para participar haberá que pedir cita no teléfono 622 748 283.

## Publicadas as subvencións as distintas asociacións, clubs e entidades do municipio



Un ano máis, o Concello de Alfoz apoiou ás distintas asociacións, clubs e entidades locais no desenvolvemento de diferentes actividades nos eidos culturais, deportivos, educativos, de festas, etc. a través de varias liñas de subvencións municipais. O investimento total foi de 24.598,46 euros.

Así, 1.240,16 euros están destinados ás actuacións deportivas do ANPA do CEIP Castro de Ouro e as comparsas Alfoz-Valadouro. 867,10 euros son para as activi-

dades educativas e formativas do ANPA do CEIP Castro de Ouro, e para actividades culturais destínanse 5.383,28 euros repartidas entre as asociacións de veciños de Sebastián de Carballido, O Castelo, Comparsa Alfoz-Valadouro, San Vicente de Lagoa e Pena Abaladoiro O Pereiro. Para as festas parroquias destínanse 7.000 euros, para adornos de Nadal 1.500 euros, en subvencións nominativas 8.607,92 euros, e as non solicitadas polos beneficiarios 12.250 euros.

## A Asociación Protectora de Animais busca voluntarios

A Asociación Protectora de Animais Valadouro Alfoz comunicou nas súas redes sociais que buscan voluntarios para axudar nas instalacións e nos paseos e tarefas diarias.

“Aínda que tentamos que os nosos peludos teñan todos o seu paseo diario a parte do tempo de patio non sempre o conseguimos. Durante as quendas tamén hai que alimentar, limpar

ou dar tratamentos”, din.

“Eles disfrutan moitísimo o tempo no que saen a descubrir novos lugares e cheiros e cremos que sería moi beneficioso para eles ver a máis xente a parte dos que xa estamos con eles todos os días”, engaden.

Así, si se disfruta dos animais e se quere botar unha man piden poñerse en contacto con eles no correo apava5@hotmail.com.

## o valadouro

## Reforzado o parque móbil cun vehículo de emerxencias



O Concello do Valadouro reforzou o parque móbil cun vehículo de emerxencias que facilitará a intervención municipal en situacións que afecten á seguridade e ás cotidianidade das veciñas e veciños.

O vehículo conta cun depósito duns 3.000 litros de auga que permitirá subministrar auga en caso de carencias ou fallos do abastecemento e tamén en caso de lumes. Tamén conta cun xerador eléctrico de 30

caveas que permitirá subministrar electricidade en caso de avarías na rede eléctrica ou habilitar puntos de electricidade en espazos que non dispoñen deles.

Ademais, a operatividade do vehículo ampliarase coa instalación dunha coitela que permita empregalo como quitaneves, axilizando a resposta municipal en caso de problemas nas vías polas condicións meteorolóxicas.

## Entregados libros en galego ao CEIP Santa María e á Galiña Azul

O tenente de alcalde en funcións do Valadouro, Eduardo Chao, realizou a entrega simbólica de dous lotes de libros en galego á dirección do Centro de Educación Infantil e Primaria Santa María do Valadouro e á dirección da Galiña Azul do mesmo concello para repartir entre os alumnos.

Os libros que se entregaron foron por unha banda o *Libro dos Nenos* de Antía Cal Vázquez no ano 1955 na galego daquelas datas e que gañou o o premio

literario do Hogar Gallego de Caracas.

O outro libro do que se fixo entrega o de *Xogos tradicionais galegos para tempos de recollida*, que foi consecuencia do confinamento que viviu Galicia na primavera de 2020. Nese momento, o Observatorio da Patrimonio Lúdico Galego decidiu crear o sitio web [xogostradicionais.gal](http://xogostradicionais.gal) co obxectivo de poñer a disposición de toda a poboación o riquísimo catálogo de xogos tradicionais galegos.

# AMARIÑAXA

## SELECCIONAMOS COMERCIAL

Salario segundo convenio do sector máis produtividade

Envía currículum vitae a:  
[info@amarinaxa.com](mailto:info@amarinaxa.com)



## mondoñedo

## A Rapa das Bestas de Campo do Oso inaugura o calendario deste tipo de celebracións

A Rapa das Bestas de Campo do Oso situado na estrada de Mondoñedo á Pastoriza, e pertencente a parroquia de San María Maio, volverá a ter este ano a súa tradicional Rapa das Bestas.


Esta tradicional festa é a que abre o calendario deste tipo de celebracións, xa que se fai o último domingo do mes de xuño, será o vindeiro 25 de xullo e está organizada pola Asociación de Criadores de Cabalo de

Pura Raza Galega, Puraga.

Os asistentes a esta celebración e tralo peche dos cabalos no curro para a súa rapa e marcado, poderán gozar coa sesión vermú amenizada por un grupo musical e coa degustación de poldro galego.

A xornada comezará coa saída dos xinetes para a baixada dos animais ata o curro, e sobre a media mañá dará comezo a rapa e o marcado e ao remate, será a sesión vermú coa presenza de polbería e churrasco.

## O IES San Rosendo forma a profesionais no agroforestal



O IES San Rosendo é un dos centros referentes na especialización agroforestal da Formación Profesional. Así, conta cunha oferta educativa relacionada con este campo: o Ciclo Superior de Xestión Forestal e do Medio Natural, o Ciclo Medio e Dual de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural e a FP Básica de Agroardinería.

No San Rosendo combínanse os procesos de ensino e aprendizaxe en empresas cos do centro educativo polo que o seu alumnado ten unha aprendizaxe para a formación de operadores de maquinaria como autocargador ou procesadora entre outros.

Tamén se realizan cursos de formación complementaria con xornadas de resinación ou de prevención de riscos por exemplo. Durante o curso tamén hai visitas formativas a viveiros, repoboacións, áreas verdes, parques ou instalacións contraincendios, etc. Ademais o centro dispón de equipamentos punteiros

como un simulador forestal onde o alumnado adquire as destrezas necesarias para o manexo da maquinaria

O centro mindoniense ofrece un gran abano de oportunidades á hora de realizar a formación práctica e tamén as futuras saídas profesionais.

Tamén contan con outro tipo actividades medioambientais como bosques comestibles que ademais de madeira proporciona alimentos e planta menciñeiras, divulgan a agroculturam ensinan a cociñar e porpoñen ideas contra a contaminación.

Aínda non se sabe as datas de presentación de solicitudes pero previsiblemente será como o ano pasado a finais deste mes de xuño para despois a matriculación poder facela a mediados de xullo.

Foi o primeiro centro do Estado no que se implotou o Ciclo Medio Dual de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural, que conta coas mellores empresas do sector da primeira transformación da madeira.

## barreiros

## Barreiros ConVídате terá lugar nas parroquias durante xuño e xullo

A concellería de dinamización do Concello de Barreiros presenta a axenda cultural Barreiros ConVídате, que terá lugar nas distintas parroquias do municipio durante os meses de xuño e xullo. Este programa cultural ten como obxectivo achegar a cultura a todos os recunchos de Barreiros, ofrecendo unha variada selección de actividades para todos os públicos. A programación deu comezo o 21 de maio co III Recital Poético Versos na Baixamar.

O concelleiro de dinamización, Dani García, comenta que: "Estamos entusiasmados de presentar a axenda cultural Barreiros ConVídате, coa que buscamos achegar a cultura a todas as parroquias e ofrecer unha experiencia cultural enriquecedora. Convidamos a todos os veciños e veciñas de Barreiros a participar nestes eventos



e desfrutar dunha axenda repleta de música, teatro e diversión para toda a familia".

O edil explica que tamén se programarán outras actividades, fóra deste programa, e que achegarán máis espectáculos a distintos lugares do concello.

Xa en xuño o domingo 11 habere-

rá unha sesión de cine en San Cosme con dous pases, ás 18.30 e ás 20.30 horas. O sábado 17 na Rilleira será o espectáculo de Ángeles Goás ás 20.30 horas, e o domingo en Reinante o de Paula Regueiro.

O venres 23 de xuño a música de Dani Royo seanimará San Cosme, e a fin de semana volverán os espectáculos ás 20.30 horas, o sábado a cargo de Cris de Caldas en Vilamartín Pequeno, e o domingo de Caxoto en Vilamartín Grande.

Xa en xullo Brais das Hortas animará aos cativos de Cabarcos o domingo 2, e Ítaca Teatro estará en San Miguel o sábado 8.

A programación completa de Barreiros ConVídате estará dispoñible nas redes sociais do Concello de Barreiros e nos puntos de información municipais, así como na nosa páxina web.

## Este mes de xuño volverá o Festival Histórico Augas Santas de Santo Estevo do Ermo



Este mes de xuño volverá a celebrarse o Festival Histórico Augas Santas de Santo Estevo do Ermo de Barreiros e que este ano chega a súa décima edición. Esta cita tradicional barreirese será o vindeiro día 10 de xuño.

A festa xa comezará pola mañá co seu tradicional mercado de artesanía seguido por unha escenificación do Rei Silo e a continuación, ás 13.00 horas, será a misa na honra a Santo Estevo.

Despois haberá unha actuación do grupo barreirenses O

Arco da Vella e dun grupo folk tradicional aínda sen confirmar, máis tarde haberá outro espectáculo musical.

Tamén contarán coas vodas celtas e a queimada con conxuro que tantos turistas e veciños atraen.

Os asistentes poderán desfrutar dun xantar no que haberá porco e aña ao espeto e unha cea a base de sardiñas. Todo elo por 20 euros por persoa. Para asistir ao xantar e a cea será necesaria a previa reserva chamando ao 679 455 109.

## O Concello organiza os campamentos de verán para nenos



O Concello de Barreiros organiza unha vez máis os esperados campamentos de verán para nenos nados entre o 1 de xaneiro do 2011 e o 31 de decembro do 2019.

O horario destas actividades será d eluns a venres de 9.30 a 13.30 horas dende o 1 de xullo ao 31 de agosto, e desenvolveranse en quendas de 15 días naturais.

Ademais, para facilitar a conciliación familiar, amplíase o horario de entrada de 9.00 a 9.30 para aquelas familias que o precisen antes do comezo oficial do campamento. Durante ese tempo, os nenos serán custodiados e vixiados pero sen ter actividades programadas.

Este campamento contará con actividades de robótica, saídas e excursión, xogos e talleres para o tempo de ocio.

Toda a información relacionada cos campamentos así como as fichas de inscrición estarán dispoñibles na web municipal [www.concellodebarreiros.gal](http://www.concellodebarreiros.gal).



BANDEIRA AZUL



Lago de As Pontes  
Creamos un océano para ti





## Xove acollerá a segunda edición das Xornadas etnográficas da Mariña

Xove acollerá este ano as II Xornadas etnográficas da Mariña os días 16, 17 e 18 de xuño e organizadas pola Asociación Cultural Tecedeira, asociación adicada á investigación, compilación e divulgación das músicas de tradición oral.

A xornada comezará o venres 16 ás 20.30 horas no Lugar das Marias co pregón e o espectáculo de AC Saiñas polo seu 40 aniversario, que dará paso ao concerto de Cantometrics.

O sábado 17 ás 11.30 horas será o coloquio A conexión nas música de tradición oral entre Galicia e Asturias, no que participan Carla Miranda, musicóloga e integrante de Algaire; Adrián Méndez, musicólogo e promotor da Foliada da Fonsagrada e integrante de Ninghures; e Miguel Monteavaro, poeta, investigador e integrante de Caldo e Os Rabizos. Este coloquio será no salón de actos do centro cívico de Xove.

Ás 12.30 horas será a apertura e visita guiada da exposición Traxandaina: o traxe aldeán de garda nas terras de Lugo. máis tarde haberá pasacalles a cargo de Saiñas con Xigantes e Cabezudos.

Xa pola tarde, ás 16.30 horas, farase a presentación do libro-disco As



que dormen entre o centeo, coas autoras Marina Vigo e Lucía Eiros, e ás 17.30 horas haberá un obradoiro na praza do Concello a cargo de Rebeca Tallón sobre bailes solto na Terra Chá.

Pola noite poderase desfrutar dun concerto de Fiandola e da foliada, ambos no salón de actos do centro cívico.

Na xornada do domingo 18 de xuño e partir das 12.30 horas poderase ver de novo a mostra Traxandaina: o traxe aldeán de garda nas terras de Lugo, e ás 18.30 horas haberá unha mostra etnográfica e actuacións no pavillón municipal.

Coma no ano anterior haberá obradoiros, encontros, exposicións, concertos, mostras folclóricas e foliada, malia que aínda non se coñece o cartel.

## O CEIP Pedro Caselles gañou o concurso de carteis sobre reciclaxe de Sogama

No marco do Día Internacional da Reciclaxe, que se celebrou o 17 de maio, xunto co Día das Letras Galegas, Sogama fixo pública a relación de centros escolares adscritos ao programa Reciclate con Sogama 2022-2023, que resultaron premiados no concurso sobre carteis promocionais da reciclaxe. Así, o 1º premio, dotado con 1.300 euros, recaeu no CEIP Plurilingüe Pedro Caselles Rollán de Xove, polo seu cartel Planeta só temos un, usa ou sentido común. No mesmo aseguran que a humanidade dispón de moi pouco tempo para cambiar moitas cousas, pero, ao seu xuízo, "Non necesitamos unhas poucas persoas que o fagan de forma perfecta, senón a miles de persoas facéndoo de forma imperfecta", ao que engaden "Reciclar non é nada duro e ase-

guramos o futuro; por un mundo mellor, recicla, por favor".

O 2º premio, con 1.000 euros, foise para Vigo, concretamente ao CEIP Pintor Laxeiro polo seu cartel Ecolaxeiro, que representa a figura dun paxaro confeccionado cun conxunto de plumas elaboradas polo alumnado con material reciclado. O mural simboliza a liberdade dun paxaro que habita nun mundo ideal no que os Ecolaxeiros aplican cada día o principio europeo das tres erres (reducir, reutilizar e reciclar), tanto na escola, como na súa casa e tempo de lecer, para conseguir entre todos "un planeta cheo de vida que permita voar moi alto".

Os importes económicos dos tres premios deben ser destinados polos centros a materiais e/o accións educativas.

## Bo ritmo nas obras de mellora na contorna do centro cívico

O Concello de Xove está a acometer unha importante obra de mellora e seguridade na contorna do parque e o centro cívico.

Estes traballos consisten na peonalización da rúa que une ambos espazos e "con estas obras melloraremos a seguridade nesta zona pois durante o verán é unha zona moi concorrida polos nenos", di o rexedor local, Demetrio Salgueiro, "xogan no parque ou na praza e pódese escapar algún balón e que ocorra algún percance".

Nesta zona tamén se ubica a casa do Concello, a piscina, as oficinas municipais e o salón de actos polo que "vamos gañar en seguridade", si Salgueiro.

Os traballos que xa comezaron e foron adjudicados por un importe de 152.000 euros inclúen



tamén a creación de novas prazas de aparcadoiro fronte o Camiño Real e detrás do pavillón, posto que con esta obra perderanse entre 18 e 20 prazas xusto fronte ao centro cívico, "pero habilitaranse noutra zona moi próxima". "Esperamos que nun mes máis ou me-

nos xa estén rematadas as obras", di Salgueiro.

No inicio da rúa colocaranse uns pivotes retráctiles para que se poidan subir e baixar cando sexa necesario o acceso como nos días de mercado, emerxencias ou o propio servizo so concello.

## O San Antonio Ventureiro xa é de interese turístico de Galicia

A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, participou no Consello de Turismo que aprobou, en sesión extraordinaria, a declaración como festa de interese turístico de Galicia, a festa do San Antonio Ventureiro de Rigueira, no concello de Xove.

Esta declaración celébrase cada 13 de xuño coincidindo coa festividade que conmemora o pasamento de San Antonio de Padua. Tal e como dispón o decreto o 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, a declaración efectuarase en función do cumprimento dos requisitos de antigüidade, singularidade, arraigamento, valor cultural e continuidade no tempo.

**ROMARÍA.** Dende o departamento de Investigación Social e Turismo do Concello de Xove organízase outro ano máis a Recuperación da Romaría ao San Antonio Ventureiro da Rigueira, o próximo 13 de xuño.

Ata o próximo 12 de xuño todas aquelas persoas que desexen participar da romaría poderán anotarse no Concello de Xove, para obteren a Ventura e a flor do San Antonio cando conclúan o camiño. Para anotarse poden chamar ao teléfono 982 592 001 ou escribir un correo electrónico



a: lucia@xove.es

Como cada ano, oss romeiros irán identificados cun carné de romaxe que poderán recoller no Concello antes da romaría, e irán selándoo nos puntos habilitados ata chegaren á igrexa.

No traballo de investigación para a recuperación da romaría identificáronse ata oito rutas para chegar á igrexa, que a romaxe seguía dependendo da súa procedencia.

As rutas están sinalizadas con frechas e con paneis informativos ao inicio de cada unha delas, e a súa elección depende de cada romeiro. Aínda que a maioría prefiren saír do centro de Xove sobre as 10.00 ou 10.30 da mañá, para chegaren á primeira misa dos romeiros ás 13.00 horas.

Este ano ademais, a Comisión de

Festas organiza un Xantar Popular composto por: langostinos, churrasco, chourizo, tarta xeada e café, por 28 euros, para o que haberá que anotarse antes do 10 de xuño.

**RUTAS.** O vindeiro 11 de xuño volven os paseos guiados pola Mariña, e nesta ocasión será a quenda de Xove e estará a cargo do guía Boris Vilar.

Será unha boa ocasión de coñecer o municipio e o lugar de inicio da actividade é o Porto de Portocelo. Para participar será necesario inscribirse en [guidoguiaturismo@gmail.com](mailto:guidoguiaturismo@gmail.com).

As inscricións para esta actividade poden efectuarse a través do correo [guidoguiaturismo@gmail.com](mailto:guidoguiaturismo@gmail.com), o custo da actividade é de 10 euros por persoa.



# “Aos cantos poderanse unir e participar os que queiran”

Luis Miguel Rivas é o presidente da Asociación Cultural e Deportiva As Minas

O festival das Minas da Pontenova volve un ano máis da man da asociación cultural do mesmo nome.

**Este festival muda de data de decembro a xuño. Por que motivo?**  
O festival comezou facéndose no verán aínda que despois mudamos ao mes de decembro. Pero quixemos retomar de novo estas datas.

**Que se poderá facer?**

Sobre todo desfrutar, e despois poderase escoitar musical galega en diferentes e atractivas propostas. Comezará cos cantos de taberna, seguirá co folk de Leña Verde de Pol, co ska de Skarnivals, que están de xira con novo disco, e de rock a cargo de La Disquetera. A maiores poderemos deleitarnos na tradicional ruta das minas e participar no sorteo



que se celebrará durante a cea popular, para entrar na mina Consuelo e descender na tiroliña.

**Pode debullarnos o programa?**

A festa comezará na noite do venres 16 cos cantos de taberna polos bares do pobo. O sábado 17 haberá unha cea popular por tan só 20 euros os adultos e 10

os nenos, e ademais contarán cun sorteo de 4 bonos para vivir a experiencia na mina Consuelo e o descenso en tiroliña. Xa pola noite, ás 23.30 horas, será a quenda das actuacións musicais.

**Como se pode participar nos cantos de taberna?**

Estes cantos estarán dirixidos pola Chocolateira, grupo local pontenovés, que percorrerán os bares do pobo xunto a outros dous grupos, Tarde mal e arrastro de Ribadeo e Asubíos da Chaira de Cospeito, e a este cantos poderanse unir e participar todos os que queiran.

**Onde se mercan os tickets da cea?**

Estes tickets, que son necesarios, pódense mercar nos bares San Briz, na casa da cultura, no bar Rony e no bar Puente.

# A praza dos Fornos acollerá o 1 e 2 de xullo a X Subida á Pontenova

Cada vez queda menos para celebrar a 10ª Subida A Pontenova, unha proba deportiva que puntúa para o Campionato Galego de Montaña. Esta cita será os vindeiros 1 e 2 de xullo. A proba de motor está centralizada na localidade de Pontenova que lle dá nome e o tramo de subida sempre está localizado na estrada LU-4803, entre os puntos kilométricos 0.45 e 5.25, con 4,8 kms de lonxitude.

Dende a Escudería comunican que están a buscar colaboradores para o evento, así, os interesados deberán poñerse en contacto nos teléfonos 690 076 136 ou 629 031 206.

A praza dos Fornos acollerá como todos os anos o parque de custodia, no que se concentrarán os vehículos para



realizar as verificacións técnicas e administrativas previas á carreira, que se disputará en catro mangas cronometradas. Dúas na tarde do sábado e outras dúas o domingo pola mañá.

## lourenzá

**A ANPA Juan Rey organiza un campamento de verán**



A ANPA Juan Rey e o Concello de Lourenzá, en colaboración co Colexio CEIP Juan Rey e a Xunta de Galicia, organizan un campamento de verán para o período vacacional.

Está destinado a nenos nados entres o 2020 e o 2011 e será dende as 9.00 ata as 14.00 horas e con opción de servizo de madrugadores para todos os que o precisen.

Este campamento terá actividades como xogos cooperativos, obradoiros, buscas de tesouros, actividades interxeracionais, aventuras, talleres, xincanas ou saídas.

Para asistir é necesario anotarse chamando ao Concello ou poñéndose en contacto coa ANPA antes do 15 de xuño.

# Lourenzá homenaxeou a Del Riego polas Letras Galegas



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asistiu xunto á alcaldesa de Lourenzá, Rocío López García, nos actos centrais en homenaxe a Francisco Fernández del Riego celebrados na localidade mariñana con motivo do Día das Letras Galegas.

A institución provincial implicouse na organización dun programa de actividades durante todo o ano co fin de contribuir a dar a coñecer e poñer en valor a vida e obra do tradutor, novelista, historiador, xornalista, ensaísta e editor laurentino homenaxeado neste 2023.

José Tomé destacou a importancia que ten para Lourenzá e para toda a provincia que os actos centrais das se celebren na vila mariñana polo que supón de recoñecemento da capacidade do Concello para acoller grandes eventos de proxección autonómica, e pola promoción e visibilidade que supón da riqueza e dos recursos patrimoniais cos que conta. Del Riego foi nomeado Fillo Predilecto de Lourenzá no ano 2000, conta cunha rúa e un busto na vila, ademais dun roteiro literario dedicado á súa persoa, que inclúe parada na súa casa natal.

# Recende prepara as súas festas na honra de San Xoán

A parroquia de Recende organiza para o 23, 24 e 25 de xuño as súas festas na honra de San Xoán. O venres 23 haberá unha churrascada amenizada pola charanga Loudband. Para asistir á cea haberá que chamar ao 649 315 469, 620 946 880 ou 628 639 623.

O sábado ás 13.30 horas será a misa solemne con procesión e sesión vermú a cargo da orquestra Tokio, quen tamén amenizará a verbena da noite, ás 23.00 horas, co trío Merengue.

O domingo ás 14.00 horas haberá oficio relixiosos, procesión e vermú con Los Adrianos.



## ourol

## Rego da Ponte celebra as festas e a II Ruta Cabalar en xuño

Rego da Ponte, na parroquia de Bravos, Concello de Oroul, celebra a fin de semana do 17 e 18 de xuño de 2023 as súas festas que contarán ademais coa II Ruta Cabalar.

A xornada comezará o sábado 17 de xuño coa misa solemne e a procesión, seguida da sesión vermú co Dúo Caramelo, que dará paso ao xantar popular.

Xa pola noite haberá unha cea servida por Seiramar na que haberá que anotarse antes do 11 de xuño chamando ao 669 302 211, 696 078 332 ou 670 603 550. A continuación será o baile co Dúo Caramelo e Verónica Cambón.

O domingo 18 de xuño será a quenda da ruta cabalar que comezará ás 10.00 horas e que contará con biscoitos e café para todos os cabaleiros participantes e bocadillos a metade da ruta. Ao medio-día José Anido amenizará a sesión vermú que dará paso ás 15.00 horas ao xantar popular a 25 euros e baile. Para o xantar hai que ano-



tarse antes do 15 de xuño.

**ATURUXO.** A Asociación Cultural Aturuxeiros de Bravos informou de que para a nova edición do festival, que será os días 28 e 29 de xullo, contará con acampada de balde. Así mesmo haberá unha cea popular o venres 28 e unha foliado ao remate.

## vegadeo

## O xato da vaca Silvallana busca nome nun concurso infantil

O Concello de Vegadeo acolle estas semanas un concurso para buscarlle nome ao xato da vaca Silvallana. Este certame infantil está aberto ata o vindeiro luns 5 de xuño e nel poderán participar nenos de ata 12 anos. A proposta para o concurso consiste en colorear o debuxo que se proporciona dende a oficina de turismo e escribir nel o nome que se lle queira poñer ao xato de Silvallana. Esta nome debe lexible e en maiúsculas, así como engadir o nome e apelidos do neno.

Para conseguir o debuxo podese descargar no enlace da web, solicitalo por correo electrónico [oficinaturismo@vegadeo.es](mailto:oficinaturismo@vegadeo.es), ou recollelo fisicamente na oficina.

O debuxo debe enviarse por Whatsapp ao teléfono da oficina de turismo 624 126 706 en formato JPEG, PNG ou PDF xunto cunha mensaxe no que se especifique: nome e apelidos dun pai, nai ou titor legal e do neno.



Expoñeranse os debuxos sen o nome dos nenos durante a Feira de mostras que se celebrará do 8 ao 11 de xuño para que presencialmente os asistentes voten o nome para o xato. Unha vez terminada a Feira de Mostras contarase os votos e publicaráse o gañador nas contas de Instagram e Facebook da Oficina de turismo.

**ENTRE RÍOS.** A Asociación Musical Entre Ríos de Vegadeo, convoca un concurso para a creación do cartel

que será a imaxe do II Festival De Habaneras e Polifonía de Vegadeo 2023. O concurso ten como fin estimular a creatividade de artistas e deseñadores, así como fomentar a difusión da imaxe do Festival a nivel nacional e internacional.

Poderán participar autores de calquera nacionalidade e haberá un premio dotado con 300 euros. O último día de presentación será o 11 de xuño. O tema fará referencia ao Certame musical e a súa temática deste ano Habaneiras e ultramar.

## o vicedo

## A Romaxe Viquinga do Vicedo 2023 será o 29 de xullo

A organización da Romaxe Viquinga do Vicedo informou da data de celebración desta temática festa da praia de Area Grande.

Esta cita será o sábado 29 de xullo e coma noutras ocasións haberá postos de artesanía e alimentación.

Para participar será necesario comunicalo a [turismovicedo@gmail.com](mailto:turismovicedo@gmail.com) ou [romaxeviquingavicedo@gmail.com](mailto:romaxeviquingavicedo@gmail.com) ou chamando aos teléfonos

982 590 195 e 629 172 745.

Os participantes que atendan os postos deberán estar caracterizados e respetarán o lugar asignado.

A participación na Romaxe Viquinga dá dereito a recibir por parte da organización corrente eléctrica e auga. As alargadeiras, mangueras ou calquera equipo necesario para a conexión correrán a cargo dos participantes.

## O Fuciño podería ter acceso este verán



O Fuciño do Porco podería ter acceso este verán tralo derrube producido tralas chuvias do inverno e os conseguintes desprendementos. Trátase dunha solución provisional, posto que a Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao traballa nun proxecto de carácter permanente. Así, segundo o alcalde, Jesús Novo, xa dispoñen dun proxecto para a colocación dunha escaleira provisional no acceso a este enclave natural.

Ademais, Novo indicou que se aprobou unha modificación de créditos do orzamento municipi-

pal para poder levar a cabo esta actuación, que se custeará con fondos propios. Xa concluiu o devandito prazo de reclamacións polo que a Administración local pode iniciar o proceso para a contratación da actuación. O rexedor cre que os traballos podían iniciarse a mediados de xuño. A Autoridade Portuaria Ferrol-S. Cibrao, a entidade con competencia na zona afectada, deseñou unha ponte colgante sen apoios intermedios e unicamente suxeitada no istmo e nun punto firme do camiño de entrada onde se colocarían bases de formigón.

## As Festas do Carme xa teñen programa

A comisión organizadora das Festas do Carme do Vicedo informou do programa festivo para o vindeiro 17, 18 e 19 de xuño na honra a Nosa Señora do Carme.

Esta celebración comezará o sábado ás 12.00 horas comezando coa misa solemne, a procesión coa imaxe ata o campo da festa acompañada pola Banda Naval de Viveiro. Acto seguido será a sesión vermú amenizada pola orquestra CQC que volverá a amenizar a verbena da noite xunto con Los Player's. Xa o domingo 18 ás 12.00 horas repetirase o oficio relixioso con procesión e ofrenda floral polos naufragos e mariñeiros defuntos, despois será a sesión coa orquestra Estrellas que amenizará de novo a verbena a partir das 21.30 horas xunto coa orquestra Los Satélites. O luns 19 tan só haberá festa pola noite, ás 20.00 horas, trasladando a imaxe da Virxe ata a igrexa parroquial e funeral por mariñeiros, mariscadoras e defuntos da parroquia.

**PATRONAIS.** As festas patronais adicadas a Santo Estevo, xa teñen data. Así a comisión de festas organizadora comunicou que se celebrarán os días 4, 5 e 6 de agosto. Aínda non se sabe o programa festivo.

## trabada



**SAN FERNANDO.** Trabada recuperou a Feira de San Fernando, unha celebración de gran tradición e coa que se achegan un pouco máis a súa historia e tradición e poñen en valor o patrimonio inmaterial.



# ELECCIÓN

## O pacto PSOE-BNG renova na Deputación

Lograron a mesma porcentaxe de deputados que no 2019 aínda que o PP aumentou o número de votos e ten a maioría relativa

O momento máis intenso da xornada electoral estivo protagonizado polo recuento dos votos para o reparto dos deputados provinciais. Durante a práctica totalidade da noite, os votos daban a maioría ao Partido Popular de forma absoluta. Finalmente, dous erros detectados nunha mesa en Lugo e noutra en Castro de Rei deron a volta á situación deixando ao PP de novo con maioría pero a expensas da coalición PSOE e BNG.

Tanto PSOE como BNG recoñeceron o erro e confirmaron a situación, que tivo que ser revisada pola Xunta Electoral nun mero trámite porque as actas xa ofrecían os resultados dando vencedor ao PP pero perdendo a maioría absoluta por unha marxe aproximada de 40 votos.

Polo tanto, a situación repítese con relación á anterior lexislatura. O PP contará con 12 deputados, o PSOE con 10 e o BNG con 3.

Por partidos xudiciais tampouco haberá cambios, xa que no de Lugo, o PP ten o 50% (6), o PSOE 4 e o BNG 2. Nos concellos da Mariña son 3 para o PP, 2 para o PSOE e 1 para o BNG.

Nos distritos de Vilalba, Monforte e Chantada, que teñen dous deputados cada un repártense igual, cun socialista e outro popular.

Rompe o equilibrio a montaña, que só ten un deputado e que é de cor vermella.

O feito de que a Deputación se mantéña igual non ten que ver cos resultados xerais que se produciron ao longo da provincia.



O descenso de votos totais do PSOE compensouse coa subida do BNG e o PP, e tamén coa baixada de Ciudadanos. Contamos, o partido que naceu nesta lexislatura para intentar xuntar votos suficientes para conseguir un deputado que servise de chave para formar goberno, non logrou reunir os sufraxios necesarios.

No partido xudicial de Lugo foi onde o PP estivo máis preto de lograr o último deputado que necesitaba grazas ao avance que tivo a candidatura de Elena Candia en Lugo. En Chantada tamén estivo preto de levarse os dous deputados en xogo.


**RESULTADOS NA PROVINCIA.** O PP obtivo a maioría en 41 concellos pero non gobernará en todos xa que esa maioría non é absoluta en todos eles, xa que en 10 non a ten. Esta situación prodúcese por exemplo en Lugo, Vilalba, Viveiro,

A Pastoriza, Samos ou Barreiros. Nestes casos espérase que se volvan editar os pactos de esquerdas para facerse coas diferentes alcaldías.

O PSOE ten a maioría absoluta en 17 e en 4 foi a lista máis votada e tamén dependerá de pactos.

Entre a marea de PP e PSOE tamén hai varias illas, como as do BNG, que obtivo a maioría absoluta na Pobra de Brollón e foi a lista máis votada en Muras. Tamén en Berceá Contamos obtivo a maioría pero perdeu o control total do consistorio e en Sarria Camiña volveu ser a lista máis votada. Ambos quedan pendentes tamén de posibles pactos.

A cuarta forza a nivel votos na provincia sería Contamos, con 4.589 sufraxios. Os que quedaron fóra das corporacións na provincia foron Ciudadanos, con 1.699 votos; VOX, con 1481 e Podemos que se achegou aos mil.



DEPUTADOS ACTUAIS	
<b>Chantada</b> Pilar García Porto. PSOE Pablo José Taboada Camoira. PP	<b>Fonsagrada</b> Roberto Fernández Rico. PSOE
<b>Lugo</b> José Luis Raposo Magdalena. PSOE Xosé María Arias Fernández. PSOE Pablo Rivera Capón. PSOE Ana González Abelleira. PSOE Maite Ferreiro Tallón. BNG Efrén Castro Caloto. BNG Jesús Manuel Núñez Díaz. PP Francisco Javier Balado Teijeiro. PP José Pardo Lombao. PP José Fernández Vázquez. PP José Ángel Santos Sánchez. PP Oscar Poy Franco. PP	<b>Mondoñedo</b> Mayra García Bermúdez. PSOE María Loureiro García. PSOE Mónica Freire Rancaño. BNG Javier Jorge Castiñeira. PP José Manuel Gómez Puente. PP Jesús Novo Martínez. PP
	<b>Monforte</b> José Tomé Roca. PSOE Lola Castro Ochoa. PP
	<b>Vilalba</b> Roberto García Pernas. PSOE Xosé María Teixido Núñez. PP





# Dani Vega será alcalde


O PP de Daniel Vega triunfou na vila con 7 concelleiros, o Bloque Nacionalista Galego de Pablo Vizoso obtivo 5 e 1 foi para o PSOE de Marta García Rey

O popular Dani Vega conseguiu devolver a maioría absoluta ao PP en Ribadeo tras anos de estar na oposición.

Nestes comicios, o PP de Vega acadou 7 concelleiros fronte aos 5 obtidos polo BNG de Pablo Vizoso e 1 do PSOE de Marta Rey. Vega sumou 3 escanos respecto ao 2019 e o BNG e o PSOE baixaron respectivamente 2 e 1.

O futuro rexedor está estreitamente vencellado co sector agrogandeiro pois, como técnico agrícola, desenvolveu o seu labor profesional nunha cooperativa do sector lácteo realizando labores de asesoramento gandeiro.

“O meu obxectivo principal e o do meu equipo segue a ser o mesmo, poñer a Ribadeo na cima. Nestes últimos catro anos fixemos un bo traballo transmitindo confianza coas nosas actuacións e seguiremos nesa liña de ilusión, xestión e traballo.” di. Para o candidato popular é urxente un impulso económico para o muni-



cipio co aumento da oferta de solo industrial cunha baixada do prezo, reducir os seus impostos e así impulsar o polígono para atraer máis empresas e dinamizar o comercio e a hostalería.

Vega explica tamén que é importante mellorar as vías e estradas, solucionar o tema do Hospital Asilo e ver o centro de saúde construído”.

O popular engade que “temos tamén entre as nosas prioridades converter o antigo colexio das monxas nun edificio para a Escola de Música

de Ribadeo e garantir e renovar o sistema de abastecemento da auga”. Desde o BNG de Ribadeo dixeron que asumen o papel que lles outorgou a cidadanía e “cumpriremos coa función de oposición sen defraudar. Seguiremos a traballar coa mesma ilusión de conformarmos un equipo potente que desde xa comezará a asumir o seu papel. Agora toca recoñecer a victoria do PP, tomar nota da vontade da cidadanía e analizar as causas dos resultados”.



Celebración do Partido Popular de Ribadeo



## Concelleiros

Daniel Vega Pérez PP  
Begoña Sanjurjo Santar PP  
Marta Saiz García PP  
Montse Seijo Díaz PP  
Diego dos Santos Rodríguez PP  
Elena Sierra Pulpeiro PP  
Francisco José Silvent Villalba PP  
Pablo Vizoso Galdo BNG  
Mónica Freire Rancaño BNG  
Vicente Castro Reigosa BNG  
Jorge Díaz Freije BNG  
Pilar Otero Cabarcos BNG  
Marta García Rey PSOE

# Primeira alcaldesa burelá?


Carmela López do PSOE ten 5 concelleiros, os mesmos que Manuel Rouco do PP, e o BNG conseguiu 2 que servirán para afianzar pactos de coalición

Os veciños de Burela pronunciáronse dando un empate aos socialistas e os populares.

Así, o PSOE con Carmela López á fronte conseguiu case o 38 % dos votos, menos que no 2019, polo que perderon un concelleiro, pero que os deixa con 5.

“Agradézolle aos veciños de Burela, a todos sen distinción política, a súa participación nas eleccións de hoxe. Votar é un compromiso coa democracia e tamén con Burela. Sodes un orgullo”, dixo López.

“Temos a responsabilidade de estar á altura deste mandato e chegar a un acordo por Burela. Dedicarei todo o meu tempo, toda a miña experiencia e todos os meus coñecementos a gobernar Burela para todos. Estarei á altura da enorme responsabilidade que puxeron nas miñas mans e na do meu equipo. Síntome preparada para gobernar e mellorar a vida dos veciños. Iso farei e iso faremos desde o minuto 1 do mandato. Mellorar Burela e fa-



cer deste municipio unha referencia de boas políticas municipais e de bo trato aos veciños”, dixo tras coñecer os resultados.

Os populares representados por Manuel Rouco conseguiron tamén a mesma porcentaxe e o mesmo número de concelleiros que os socialistas. “Estamos expectantes ante as valoracións dalgúñas formacións políticas”, dixo Rouco, “estamos a expensas do que decida o Tribunal Electoral de Mondoñedo no referente aos votos nulos pois foi unha cifra récord en Burela e pode

haber un concelleiro en liza, e estamos a un paso do sexto edil”.


Pola contra, o BNG de Mario Pillado non convenceu á veciñanza e perdeu un concelleiro respecto ao 2019. “Somos conscientes dos resultados, perdemos 90 votos e un concelleiro. Pero tamén nos deixa nunha situación case de privilexio e temos unha oportunidade e hai que aproveitala. Agora teremos unha asemblea do partido para analizar os datos e despois veremos cal é a nosa postura e como serán as negociacións”, dixo Pillado.



O equipo do PSOE celebrando os resultados

Tamén aparece na corporación burelá Alberto Eiroá con Son Burela, pois con case o 7 % dos votos suma

o seu primeiro edil. Este empate entre PSOE e PP obriga a que haxa un acordo entre partidos.



## Concelleiros

Carmela López Moreno PSOE  
Ramiro Fernández Rey PSOE  
Lina Gómez Pardo PSOE  
Carlos Méndez Pena PSOE  
Patricia Eijo Palmeiro PSOE  
Manuel Rouco López PP  
Encarnación Bernal Marín PP  
Félix Alberto Martins Gonçalves PP  
María Teresa Lanza Méndez PP  
María Teresa García González PP  
Mario Pillado BNG  
Sandra Fernández Cillero BNG  
Alberto Eiroá Pérez SON



# O Goberno está no aire


O Partido Popular de Mariña Gueimunde leva 7 concelleiros fronte aos 5 do PSOE de María Loureiro polo que haberá que ver os posibles pactos

O liderazgo na cidade do Landro aínda está por decidir. Así, o PP triunfou numericamente en Viveiro con 1.000 votos máis que o PSOE, o que supón que case un 40 % da veciñanza viveirense apoiou á candidata popular Mariña Gueimunde, o que fixo que conseguise 7 edís, dous máis que nos comicios anteriores.

Non obstante, non está claro se será a nova alcaldesa de Viveiro pois para este traballo necesita 9 concelleiros.

“Valoramos moi positivamente os resultados destas eleccións, pois a veciñanza demostrounos que quere un cambio”, dixo Gueimunde, “os viveirenses queremos un cambio e este cambio pasa unicamente por que governe o PP”.

“Fomos os máis votados, o que indica que reconquistamos o corazón dos veciños demostrando que sabemos facer as cousas, que temos proxectos con ideas e xente capacitada e formada para avanzar, progresar e xerar oportunidades”, engadiu.



Pola súa banda, o PSOE de María Loureiro perdeu 3 edís, que achaca ao desgaste dos dous anos de pandemia, e fai que se quede con 5. Os socialistas de Viveiro queren agradecer “o apoio da xente que valorou o noso traballo nestes anos e nos deu onte a súa confianza. Seguiremos traballando única e exclusivamente por e para Viveiro”, asegura María Loureiro, “queremos mellorar a vida dos nosos veciños e veciñas, ese é o noso único obxectivo para os próximos catro anos”. O BNG liderado por Miriam Bermúdez sumou 2 concelleiros máis e Bernardo Fraga de Por Viveiro mantívose con 2 edís.

Bermúdez so quixo resaltar “que fomos a forza que máis subiu en Viveiro, triplicando a representación. A veciñanza confía no BNG, e estamos dispostos a sentarnos e dialogar para darlle ao pobo o cambio que reclamou nas urnas”. Podemos e VOX non conseguiron representación. Como nas anteriores eleccións, aventúranse días de negociacións para pactar entre as esquerdas.



Mariña Gueimunde do Partido Popular

## Concelleiros

- Mariña Gueimunde González PP
- Martín Vale Cobo PP
- Domingo González López PP
- Pablo Varela Sánchez PP
- Saray Ventura Fernández PP
- Vicente Vázquez Chao PP
- Erea Rivera Vázquez PP
- María Loureiro García PSOE
- Jesús Fernández Fernández PSOE
- Lara Fernández PSOE
- María Soledad Rey Yáñez PSOE
- Eleazar José Rodríguez Abuín PSOE
- Miriam Bermúdez García BNG
- Iria Coteló Cociña BNG
- Juán Ramón Martínez Castro BNG
- Bernardo José Fraga Galdo XV
- Manuel Galdo Dopico XV



# Cajoto seguirá ao mando

O PSOE seguirá á fronte con 7 concelleiros malia que podería estar unido ao BNG de Francisco Fanego, que conseguiu 4 edís, ou gobernar en minoría


Foz volve ser socialista outra lexislatura máis encabezada polo enxeñeiro Fran Cajoto.

Os resultados dos comicios en Foz deixan claro que a veciñanza quere que os socialistas encabecen o concello que poderían gobernar en minoría ou reeditar o bipartito co BNG que se creou hai catro anos.

O socialista conseguiu manter os seus 7 edís fronte aos 6 do Partido Popular de Jorge Castiñeira e os 4 do BNG de Francisco Fanego, que suma un concelleiro ao facerse co dos independentes Foz Plataforma de Futuro do 2019.

Cajoto amosouse “inmensamente agradecido polo apoio da veciñanza pois con el o partido socialista volveu gañar as eleccións”. Así mesmo, dixo que isto se consegue con “traballo, esforzo e humildade”.

“Estamos moi contentos porque os veciños depositaron a súa confianza en nós e polo tanto volvemos ser a forza máis votada”, engadiu. “Agora estamos nun proceso de



análise para ver se gobernamos en minoría ou definimos unha nova coalición. Temos que valorar que é o mellor para Foz”, finalizou. Pola súa banda, o candidato do PP, Javier Castiñeira, conseguiu manter tamén os seus edís, o que fará que sexa unha oposición moi forte. A valoración do Partido Popular sobre este proceso electoral é positiva coa campaña que se fixo “respecto ao traballo especialmente e á participación que demos á cidadanía pois serviranos para encamiñar a lexislatura sabendo as necesidades iniciais

que ten o pobo”, dixo Castiñeira. “Eu creo que o Partido Popular fixo unha boa oposición e afrontamos con moita ilusión estes catro anos e estaremos onde os cidadáns nos puxeron e tentando facelo o mellor posible cun bo equipo de concelleiros e dende logo que ilusionados para que Foz mellore”.

Así mesmo, o candidato do BNG quixo “dar as grazas a todos os que depositastes a vosa confianza na equipa do BNG Foz, fostes 423 persoas máis nestas eleccións, as que apostastes por nós, e grazas a iso



Foto de familia dos socialistas tras os resultados

## Concelleiros

- Francisco Cajoto Caserio PSOE
- Inés López Couto PSOE
- Ángel Fernández Neira PSOE
- Ana Matea Rojo Eijo PSOE
- José María Linares Rodríguez PSOE
- Elena Martínez Peña PSOE
- Carlos García Rodríguez PSOE
- Javier Jorge Castiñeira PP
- María Mercedes Rodríguez PP
- Laura Riveira Balseiro PP
- Verónica Soto Piñeiroa PP
- José Antonio Hermida Fernández PP
- José Ángel Paleo Soto PP
- Francisco Javier Fanego BNG
- Simeón Neira López BNG
- Benito García Bolaño BNG
- Zoraida Coira Vázquez BNG



acadamos un concelleiro máis”, e engadiu que “o noso compromiso está aí para darlle unha continuidade ao comezado no 2019 e que estamos aquí para seguir axudando a transformar a vila”.



# Partido Popular ou pacto

No concello do Val do Ouro, o Partido Popular conseguiu 4 escanos, o BNG 2, o PSOE 2 e UDIVAL 1, o que abre un abano de posibilidades de Goberno


Os resultados dos comicios abren a porta a diferentes panoramas, pois o PP liderado por José Manuel Lamela conseguiu recuperar a confianza dos veciños con 452 votos e 4 edís.

Pola contra, o PSOE de Edmundo Maseda e actual alcalde perdeu dous concelleiros, quizais polas polémicas do último mandato.

O BNG de Edmundo Chao mantense con dous edís e UDIVAL, con María José Fernández Díaz, tamén se mantén con un concelleiro.

“Nos últimos anos, o PSOE foi máis protagonista polos desentellos que pola xestión”, así de contundente manifestaba o popular, logo de agradecer aos seus compañeiros de lista “o esforzo por dar o paso para traballar e ser a alternativa ao desgobierno e á inestabilidade que tivemos nos últimos tempos”.

“Os resultados están á vista e



creo que o pobo falou claro. Tivemos máis votos que o PSOE e o BNG, e UDIVAL sacou un concelleiro e ademais baixou no número de votos”, dixo Lamela. Agora toca falar pois “a miña obrigación é sentarme con todos e estamos abertos a todas as posibilidades”.

Eduardo Chao, do BNG, comunicou que “ata agora é moi cedo para falar de posibles pactos”.

“Facemos unha valoración positiva pois mantemos o número de concelleiros, e porque non

é o mesmo ter 2 de 9 que 2 de 11 como estabamos antes”, di Chao.

“Estivemos so dous anos no Goberno e creo que o rentabilizamos porque os veciños nos apoiaron”, engadiu.

“O tripartito non é a formación máis normal porque é difícil poñerse de acordo e xa se sabe que tres son multitude”, rematou dicindo.

O abano de posibilidades para formar Goberno pasa polo pacto entre PP e UDIVAL, a cola-




Edmundo Maseda do PSOE e José Manuel Lamela do PP

ción de PSOE e BNG ou a repetición dun tripartito entre PSOE, BNG e UDIVAL, que xa se fixo hai case 20 anos e permitiulles botar do Goberno local ao PP cunha moción de censura. O Partido Popular necesita apoios, e o máis lóxico ideoloxi-

### Concelleiros

José Manuel Lamela Piñeiro PP  
Senén Castro Lorenzo PP  
Lorena Díaz Pita PP  
Ana Isabel Rubal Balseiro PP  
Edmundo Maseda Maseda PSOE  
María Xosé Barreira Goás PSOE  
Eduardo Chao González BNG  
Eliseo Teijeiro Orol BNG  
María José Fernández Díaz UDIVAL



camente falando é que se una con UDIVAL, pero haberá que esperar.

Pola súa banda, o Partido Galego liderado por Enrique Geada tan só conseguiu 67 votos, polo que non acadou representación municipal.

# Val podería seguir á fronte


En Alfoz haberá que esperar aos vindeiros días para saber se o socialista Jorge Val goberna en solitario ou pola contra suma os 3 de VIA Alfoz

En Alfoz, a capitania do consistorio non está clara tralos comicios, pois a veciñanza non se decidiu por un partido en concreto, pois todos os partidos acadaron 3 edís.

Así, o PSOE liderado polo actual alcalde, Jorge Val, baixou dous edís respecto ao 2019, pero foi a forza máis votada.

Neste concello mariño, a participación baixou un pouco pero serviu para que os partidos da oposición subiran ambos dous escanos e empatar entre os tres partidos.

O PSOE obtivo en Alfoz 451 votos de entre un total de 1.174 votantes. Nos comicios anteriores acadara 652. Os seus anteriores aliados de VIA Alfoz subiron o número de apoios pasando dos 353 obtidos en 2019 aos 283 da actualidade, o que os fai a segunda forza política no concello. O PP conseguiu 339 votos fronte aos 299



do 2019.

O PSOE leva tres mandatos liderando o goberno alfoicense. Nunha ocasión, o fixo en coalición coa candidatura independente de Via Alfoz e, nesta, aínda non está claro.

Aínda que Efigenia Maseda, de VIA, di que “nós manteremos o noso acordo da asemblea do partido, na que decidimos que non imos apoiar os candidatos do resto dos partidos, senón que terán que ser eles quen nos apoiem a nós”.

Maseda é nada en Alfoz, no barrio de Vilaúde, da parroquia de Mor, e é licenciada en Filoloxía Clásica pola USC. Foi traballadora do Concello, exercendo, en diferentes etapas, como Educadora Familiar, Administrativa e Animadora Sociocultural.

“Nós somos un partido pequeno, e a nosa garantía é o noso traballo”, engadiu Maseda. O enxeñeiro agrícola Juanjo Fraga presentouse con ilusión polo PP para recuperar a Alcal-



Jorge Val, actual alcalde en funcións



### Concelleiros

Jorge Val Díaz PSOE  
Ana Aránzazu Incera Ares PSOE  
Cándido Paleo Rejes PSOE  
Juan José Fraga Paz PP  
Raquel Rouco Iglesias PP  
Nerea Pena Vigo PP  
Efigenia Maseda Paz VIA  
Eliseo Lorenzo García VIA  
Judith Casabella Pardeiro VIA

día, o que fixo que subira un escano respecto ao 2019. Fraga é coñecido pola súa faceta de empresario, propietario e ad-

ministrador de varias empresas relacionadas co sector agrícola-gandeiro, das cales tres delas están afincadas en Alfoz.



# Segue a maioría absoluta

En Cervo, os edís repartíronse da mesma maneira que nos anteriores comicios, nos que o Partido Popular gañou conseguindo 7 escanos

O popular Alfonso Villares, actual alcalde, volveu conseguir o bastón de mando do concello mariño tras o apoio dos veciños por quinta vez. De feito, o popular ostenta a Alcaldía dende o ano 2007 e nesta ocasión volveu acadar o mesmo número de concelleiros, 7, e os membros da oposición, BNG e PSOE, acadaron 2 edís cada un.

Villares confía nesta legislatura no seu actual equipo cunha única cara nova. Durante todos estes anos desenvolveu políticas centradas en converter Cervo nun lugar cómodo para a veciñanza, tanto os núcleos urbanos como os do rural. Creou oportunidades de emprego e puxo en marcha o centro de emprendemento de Sargadelos. Outra das súas apostas foi o medio ambiente e as actividades relacionadas.

O candidato popular, Alfonso Villares, volve rodearse do equipo ao completo que o acompañou nos anteriores comicios do 2019, "con acreditada experiencia e capacida-



de de traballo" e incorpora a catro veciños con moitas ganas, ideas renovadoras e proxectos de futuro para Cervo", perfectamente coñecedores da realidade do Concello. O popular tamén explicou que "despois dunha boa xestión financeira ao longo destes anos, o Concello está agora libre de hipotecas e das débedas herdadas por primeira vez en 35 anos". Polo tanto, "agora hai moitas máis posibilidades de reforzar as políticas públicas".

O candidato do BNG, Diego Fernández Martínez, de Lieiro, dixo que "a


veciñanza de Cervo decidiu darlle outros 4 anos de Goberno ao PP e nós seguiremos a traballar dende a oposición facendo política constructiva e en positivo para axudar a que Cervo sexa un concello referente".

"O BNG ten un futuro prometedor por diante e trataremos de chegar a máxima xente posible para que se unan a este proxecto novo e ilusionante".

Pola súa banda, a socialista Luján Ramos Ben, que se presentaba por primeira vez, avanzou que "o re-



Equipo de traballo do PP de Cervo



## Concelleiros

- Alfonso Villares Bermúdez PP
- María Dolores García Caramés PP
- Manuela Méndez Álvarez PP
- Adrián Arias Díaz PP
- Alfredo Antonio Fernández Casas PP
- María Concepción Pilar Armada PP
- David Rodríguez Pernas PP
- Luján Ramos Ben PSOE
- J. Benito Díaz Docando PSOE
- Diego Fernández Martínez BNG
- Zulema Murado Sánchez BNG

sultado non foi todo o bo que nos houbese gustado, pero o importante é que temos ilusión e ganas de traballar por e para mellorar o noso concello. E iso é o que imos

facer ó longo da próxima legislatura, traballar para que, deste xeito, os veciños aproben a nosa xestión e nos apoiem dentro de catro anos e poidamos acadar mellor resultado".

# Clemente Iglesias mantense

O PSOE queda fóra da corporación logo de perder os dous concelleiros, que engrosaron a lista nacionalista. O PP dobra a representación da oposición

Clemente Iglesias sumou unha nova maioría para o Partido Popular en Riotorto e segue encadeando vitorias. De novo, a súa representación na corporación dobra á que ten a oposición, que na legislatura que agora comeza só terá un partido.

Como novidade só un crece en votos en Riotorto, o BNG, que gaña dous concelleiros tras sumar 139 votos. Son os mesmos que perde o PSOE, que desaparece da corporación tras sumar só 59 votos, 135 menos que no 2019.

O PP malia as súas boas cifras tamén perde votos, concretamente 61 aínda que ten o 62,58 % dos sufraxios.

Non é a primeira vez que o PSOE desaparece da Corporación pero no 2019 logrou ter unha alta representación, superando incluso ao BNG, que sempre foi unha forza importante no municipio.

Clemente Iglesias seguirá sendo alcalde polo tanto mentres que



do outro lado da mesa estará Vanesa Gómez Lourido, xornalista de Vilarquide, na parroquia de Galegos, que xa se presentou como a principal alternativa ao goberno do Partido Popular.

Non logrou o respaldo que pedía o candidato do PSOE, Víctor González Leivas, que só foi quen de sumar 59 votos, o 6,22 %, deixando claras as dúas posturas enfrontadas que hai no concello.

Para os populares é prioritario "mellorar os servizos e a atención aos veciños". Nese sentido, Igle-

sias explicou que o goberno local desenvolveu distintos proxectos e ten outros previstos para mellorar os accesos a varios núcleos e tamén á rede de abastecemento e o saneamento.

Durante a campaña política, o alcalde avanzou que aposta por "ofrecer actividades para a dinamización social e cultural e favorecer así o asociacionismo" a través da convocatoria de axudas ás asociacións. Así mesmo, está a traballar pola creación dunha residencia para a terceira idade.



O alcalde de Riotorto, Clemente Iglesias



## Concelleiros

- Clemente Iglesias González PP
- José Luís Lourido López PP
- Manuel Rivas Bouza PP
- Manuel Pacio Iglesias PP
- José Luís Lorido Carballeira PP
- Olga Maseda García PP
- Vanesa Gómez Lourido BNG
- María Campo Fernández BNG
- Luís Fernández Fernández BNG



# Alcalde oficialmente

En Mondoñedo, os votos de esquerdas acadados entre PSOE e BNG non serán suficientes para xuntar forzas e arrebatarlle a Alcaldía ao PP

O popular Manuel Otero será o novo alcalde de Mondoñedo despois de exercer este cargo durante dous anos trala marcha de Elena Candia para Lugo.

Os populares non conseguiron manter os 8 concelleiros do 2019, polo que esas dúas baixas sumáronse ao PSOE e o BNG, con 3 e 2 edís respectivamente.

O actual alcalde, Manuel Ángel Otero Legide, conta xa coa experiencia do tempo que leva á fronte do Concello. Otero Legide apóiase nunha lista de xente con experiencia, continuísta, deseñada para avanzar rápido e seguro na execución do proxecto do PP para Mondoñedo e para empezar a traballar dende o primeiro día.


Para Otero Legide é prioritario seguir avanzando na mellora e ampliación dos servizos sociais, así como completar a realización no ámbito da ordenación urbana, en xeral, e en especial do casco histórico. Nesta liña, a rehabilitación de in-

mobles é unha parte fundamental. Lembra que nestes anos pasados foi aprobado o PXOM e que será de grande importancia a aprobación do plan especial do casco histórico. Destaca a relevancia de conseguir no seu momento a declaración de ARI e o Plan Rexurbe. Otero pon de relevo a importancia que o PP dá a zona rural. "Para nós está no centro das nosas políticas, sempre foi unha prioridade; queda demostrado no traballo que levamos feito na melloras estradas municipais".

O PSOE, representado dende hai anos por, Esperanza González, e o BNG de Eloi Cabanas subiron ambos 1 edil.

Esperanza González felicitou a Legide e engadiu que "seguiremos traballando e sento o altofalante dos veciños. Estaremos vixiantes e faremos unha oposición constructiva como ata o de agora". Ademais dixo que seguirán escoitando e loitando "polos veciños do rural".

Eloi Cabanas do BNG dixo que teñen un sentimento agrado pois



Celebración dos populares de Mondoñedo



## Concelleiros

Manuel Ángel Otero Legide PP  
 María Ángeles Rodríguez Rico PP  
 José Otero Rejes PP  
 Manuel Tapia Rivera PP  
 María Patricia Otero Doural PP  
 Alberto García Fernández PP  
 Esperanza González Martín PSOE  
 Francisco Domenech Fanego PSOE  
 Modesto Díaz García PSOE  
 Eloi Cabanas Ramos BNG  
 Josefa Carballeira Díaz BNG

"tivemos uns resultados positivos e medramos en votos e conseguimos un concelleiro máis. Pero non conseguimos o noso obxectivo de arrebatarlle a Alcaldía ao PP".

"Na campaña vimos unha posibilida-

de e a veciñanza trasladounos unha valoración moi positiva pero ao final non foi así", engadiu, "agora seguiremos traballando con honestidade, colaborando e tentando sacar adiante puntos do noso programa".

## barreiros

# Ermida para catro anos máis?

En Barreiros, as votacións quedaron igual que nos anteriores comicios, 5 concelleiros para o BNG e o Partido Popular e 1 para o PSOE

A veciñanza de Barreiros votou practicamente igual que nos comicios anteriores, aínda que houbo unha pequena baixada na participación.

Así, os nacionalistas volveron conquistar 5 concelleiros empatando cos populares.

Por iso, vai ser decisiva outra vez máis a candidata do PSOE, Carmen Veiga, xa que os socialistas manteñen a súa concelleira. Pactando con ela ou facéndoa socia de goberno, o partido nacionalista en Barreiros poderíase desenvolver o seu proxecto sen problemas. A actual alcaldesa Ana Ermida di que "os resultados non eran os esperados quizais porque non fomos quen de transmitir o traballo e o esforzo que fixemos durante estes 4 anos".

"Son resultados que nos permiten ou nos dan a posibilidade de reeditar o Goberno actual, pero aínda temos que avaliar e analizar a situación", engadiu, "polo momen-


to seguiremos co noso proxecto de traballar polos veciños e sempre poñendo por diante os seus intereses", rematou. "Temos que sentarnos e facer un acordo para os próximos catro anos e o Goberno de Coalición volverá cun pacto renovado. Agora toca facer análise dende o noso partido e expoñer o que queremos levar ao novo pacto", dixo Veiga.

A actual alcaldesa Ana Ermida chegou ao Concello de Barreiros no 2019, un cargo que parecía

difícil de arrebatarlle ao PP, pois gobernou dende o comezo da democracia na localidade.

O PP foi o partido máis votado en Barreiros ao obter 906 votos de entre os emitidos polos 1.979 votantes. Mentres que nas eleccións de 2019 acadara 877 votos.

Pola contra, o BNG conquistou nesta ocasión un total de 879 votos, fronte aos 941 da convocatoria anterior. O PSOE, que en 2019 conseguiu con Carmen Veiga obter 178 votos, este ano baixou a 160.



Carmen Veiga do PSOE e Ana Ermida do BNG



## Concelleiros

Ana Ermida Igrexas BNG  
 Antonio Veiga Outeiro BNG  
 Montserrat Porteiro Sánchez BNG  
 Dámaso Ratoeira Basanta BNG  
 Daniel García Fernández BNG  
 José Manuel Gómez Puente PP  
 María Ramona García de Gabriel PP  
 Pablo Posada Rocha PP  
 María Mar Sante García PP  
 Manuel Alonso Díaz PP  
 Carmen Veiga Rodríguez PSOE



# Xove é fiel a Demetrio


A veciñanza volveu confiar no Partido Popular de Salgueiro, que conseguiu sete edís, fronte aos tres do BNG e un que acadou o PSOE

Este municipio da Mariña é un dos máis desexados para todos os partidos, pois conta cunha importante fonte de ingresos, Alcoa. Así, tralas eleccións seguirá sendo un feudo popular gracias ao apoio da veciñanza a Demetrio Salgueiro, actual rexedor.

Os populares conseguiron 1.226 votos, fronte aos 650 do BNG e os 227 do PSOE. Estes datos en edís defínense en 7 para o PP, os mesmos que en 2019; 3 para o BNG, que baixa 1; e aparece no panorama político o PSOE, con 1 edil.

Salgueiro di que nestes catros anos conseguiu levar a cabo case todo o seu programa electoral, excepto a creación do porto deportivo de Morás, que está en tramitación, e a ampliación do polígono industrial de Camba, os cales espera rematar nesta nova lexislatura.

Tamén quixo dar as grazas “a todos os veciños que nos deron o seu apoio para seguir gobernando catro anos máis. Traballaremos sen



descanso para non defraudaros e acadar o mellor para Xove”.

Os nacionalistas estarán na oposición, vixiando o traballo do Goberno, e para iso puxeron á fronte a unha nova cara, a de Pilar Vázquez. “Consolidámonos como primeira forza da oposición e agora comezamos este camiño facendo autocrítica, tomando nota dos erros e co compromiso de devolverlle ós nosos veciños a confianza depositada”.

Por outra banda, súmase o PSOE con Rogelia Mariña Pernas á cor-

poración municipal, que se presentou a estas eleccións “con moita ilusión e con moitas ganas de impulsar proxectos prioritarios. “A partir de agora seremos testemuña do que pasa e do que dicen os outros dous partidos”, di Mariña, “nunca estiven en política pero aseguro que disfrutei da campaña e quero agradecer o apoio”.

“No noso equipo estamos moi unidos uns con outros e consensuamos todo. E traballaremos por ser unha oposición forte”, engadiu.



Celebración dos populares de Xove



## Concelleiros

- José Demetrio Salgueiro Rapa PP
- M<sup>a</sup> Dolores Meitín Guerreiro PP
- Cristina Iglesias Guerreiro PP
- Cecilia Duarte Fernández PP
- Rubén Sánchez Villarquide PP
- M<sup>a</sup> Tamara Soto López PP
- Manuel Ángel Meitín Rouco PP
- Pilar Vázquez Sánchez BNG
- Miguel X. García Rodríguez BNG
- Xosé Manuel López Hermida BNG
- Rogelia Mariña Pernas PSOE

# Novo segue no cargo

O alcalde actual, o popular Jesús Novo, volverá ocupar este cargo tras acadar case un 55 % dos votos, o que fai un total de 5 escanos

O alcalde do Vicedo, o popular Jesús Novo, convértese de novo no rexedor máis lonxevo da Mariña ao permanecer na Alcaldía dende o ano 2003.


Encadea xa cinco mandatos seguidos con maioría absoluta malia nesta ocasión o BNG súmase á corporación xunto ao PSOE para facerlle fronte.

Nestes comicios, o PP obtivo 587 votos do total, que son 5 edís; o PSOE iguala os resultados con 3 edís e 330 votos, e o BNG conta por primeira vez cun concelleiro e 148 votos.

Neste concello mariño, a participación foi exactamente igual que no ano 2019.

O actual rexedor agradece a confianza amosada polos veciños e resalta “o meu compromiso e responsabilidade coa poboación do Vicedo para seguir xestionando novos proxectos que teñan un impacto positivo no municipio”.

Ademais, engadiu que “estamos



moi contentos cos resultados no Vicedo e na Mariña en xeral. Tivemos dúas candidaturas na oposición totalmente renovadas, o que sempre dá un pouco de intranquilidade, pero ao final os resultados foron bos”.

Novo, que ocupa a Alcaldía desde o 2003 despois de ser xa concelleiro en anteriores lexislaturas, destaca que o seu obxectivo é “continuar coa liña de traballo que seguimos nos últimos anos e acometer medidas sempre en beneficio dos intereses do Vicedo e en proximidade aos

veciños para formar parte da solución dos seus problemas”.

Tamén agradeceu “a todos os veciños que nos deron a súa confianza para seguir outros catro anos. Seguiremos traballando para facer un Vicedo mellor. Felicitamos o PSOE e o BNG polos seus resultados e todos xuntos melloraremos o noso pobo”.

O PSOE de María Pérez Santaballa tamén agradeceu “a confianza que depositaron en min todos os veciños”. “Estou moi satisfeita pois era a primeira vez que me presentaba,



Jesús Novo reeditou a maioría absoluta



## Concelleiros

- Jesús Novo Martínez PP
- María del Pilar Otero Ínsua PP
- Modesto Riveira Fernández PP
- José Ángel Canoura Iglesias PP
- Balbino Trasancos González PP
- María Pérez Santaballa PSOE
- Verónica Canoura Paz PSOE
- Fernando Pigueiras López PSOE
- Miguel Gómez Fraga BNG

e creo que conseguimos un bo resultado xa que mantivemos os edís con tres partidos en liza e non dous como hai 4 anos”. Pérez, suma dúas mulleres á corporación vicedense. Pola contra, aparece no panorama político o BNG con Miguel Gómez

Fraga á cabeza, “estamos moi contentos e satisfeitos porque os nosos votos veñen da dereita. Foi unha campaña divertida e seguiremos traballando e amosando á veciñanza do que somos capaces para mellorar o pobo”.



# A balanza inclínase por Pajón


O actual alcalde socialista volverá poñerse á cabeza deste municipio malia a baixada de concelleiros respecto aos comicios do 2019

En Oroul, o PSOE volveu gañar por maioría absoluta ao PP conqurando 5 concelleiros sobre 2 dos populares.

Así, o actual alcalde, José Luis Pajón, volverá poñerse á fronte deste municipio malia que baixou en 3 concelleiros respecto aos comicios do 2019. O 69,14 % da veciñanza decantouse polo grupo socialista fronte ao 29,45 % polos populares que fixeron que subira 1 escano.

Pajón agradeceu á veciñanza a confianza depositada nel e debullou varios obxectivos para estes vindeiros catros anos como rehabilitar os antigos pisos dos mestres para dedicalos ao aluguer social, e poñer a disposición da Xunta terreos para a construción de vivendas. “Hai que intentar que Oroul volva a contar con colexio”, explica.

Os maiores do municipio son un punto importante, por iso seguirá mellorando a axuda a



domicilio. “O primeiro e máis importante é que ao final da vindeira lexislatura a residencia de maiores estará en funcionamento, seguiremos mellorando os servizos, e seguiremos coa ampliación da rede de abastecemento de auga así como da mellora da mesma”, di Pajón.


Outro dos seus obxectivos é seguir apostando pola Ruta Indiana e a súa posible ampliación, así como seguir fomentando o apoio a asociacións de veciños

para actos e festas patronais, así como seguir coas axudas ás asociacións deportivas que hai no concello.

Pola súa banda, o empresario José Hermida Corbelle, que encabeza o Partido Popular local, quixo agradecer a todos os votantes, e en especial os seus compañeiros de lista “polo traballo e esforzo realizado nesta campaña pois foi unha campaña limpa”. “Explicamos o noso proxecto levávamos un proxec-



José Luis Pajón, actual alcalde do PSOE



## Concelleiros

José Luis Pajón Camba PSOE  
Ana María Rico Pernas PSOE  
Víctor García Rodríguez PSOE  
José Ramon Cal García PSOE  
María Regina Peña Martínez PSOE  
José Hermida Corbelle PP  
Miguel Lopez Piñón PP

to ilusionante unha candidatura con ganas de traer progreso a Oroul pero os veciños non o entendieron así, e sacamos uns resultados mellores, pero creo q merecíamos máis”, engadiu,

“por todo iso temos que facer unha oposición forte e máis mediática para tratar de que chege á xente o traballo que fai a oposición no concello e que creo que non se ve reflexada”.


# Catro anos máis de PSOE

Os socialistas conseguiron 5 concelleiros fronte aos 4 do Partido Popular, 1 de Foro Asturias e 1 de IU-Más País, pero haberá que esperar ós posibles pactos

No concello asturiano de Vegadeo o PSOE de César Álvarez conseguiu 5 concelleiros fronte a 4 do PP, 1 de Foro Asturias e 1 de IU-Más País. Haberá que esperar aos vindeiros días para ver os posibles pactos do PSOE, pois necesita 6 concelleiros para gobernar, e así Álvarez afrontará a súa terceira lexislatura á fronte do concello en minoría ou con pactos de coalición.

“Queremos agradecer de corazón ás veigueñas e veigueños a súa participación exemplar nas eleccións municipais e autonómicas, moi especialmente aos e as que, co seu voto, contribuíron a que o PSOE gañase de novo tanto en Vegadeo como en Asturias”, dixeron dende a agrupación socialista de Vegadeo. “A pesar de non conseguir o resultado que esperabamos, somos a opción preferida polo pobo para formar Goberno na próxima lexislatura”, engadiron.

“Os e as socialistas entendemos a mensaxe, e coa maioría progresista



que os cidadáns elixiron democraticamente nas urnas, poñémonos a traballar desde o primeiro momento para seguir construíndo o Vegadeo que todos e todas queremos”, remataron dicindo tras coñecer os resultados.

No Concello de Vegadeo, dende 1979, o partido que máis tempo gobernou foi o PSOE, e o actual alcalde socialista, César Álvarez Fernández, conseguiu o bastón de mando nas eleccións de 2015 con maioría absoluta. Malia que o PP de Vegadeo pre-

sentou unha candidatura renovada que encabezaba Armando Pérez, non conseguiu os apoios da totalidade da veciñanza. Aínda así, obtiveron bos resultados, pois sumaron 3 edís, pero non os suficientes para gobernar.

FORO Asturias, con Virgilio López á cabeza, manterá 1 concelleiro na corporación municipal malia a perda de 2.

Nesta ocasión, Izquierda Unida-Más País, con Gerardo Álvarez á fronte, conquistou un edil con 203 votos.



César Álvarez no centro da foto durante a campaña



## Concelleiros

Cesar Álvarez Fernández PSOE  
Pablo Fernández Abuin PSOE  
Rocio Garay Barcia PSOE  
Ana María De La Osa Castro PSOE  
Concepción Pérez Lamelas PSOE  
Armando Pérez Álvarez PP  
José Antonio Castro Álvarez PP  
Ana Belén Prieto López PP  
Oscar Rodríguez Villar PP  
Virgilio López Rico FAC  
Gerardo Álvarez Pastur IU




# O PSOE renova a maioría

A Pontenova conta cunha ampla traxectoria socialista, así se demostrou nestas eleccións, onde o actual alcalde, Darío Campos, revalidou o mandato

O actual alcalde pontenovés Darío Campos revalida a confianza dos seus veciños.

Darío Campos leva á fronte do Goberno da Pontenova dende o ano 2007 e dende entón o concello “cambiou moito, fíxose un cambio na fisionomía do pobo en moitos sentidos e hoxe presenta unha imaxe renovada, con beirarrúas renovadas, vías de comunicación novas e moitos proxectos realizados que melloran o día a día dos veciños e veciñas”.

“Ao longo destes anos tivemos a oportunidade de priorizar novos proxectos que contribuíron a realzar a nosa vila, como por exemplo o acondicionamento da canalización do río e as obras na Praza dos Fornos, así como o impulso doutros recursos educativos e culturais, como a Escola de Música e a de Teatro e tamén a posta en marcha do PAI, pero aínda nos quedan moitas propostas que realizar. Por iso, queremos seguir camiñando nesta senda de crecemento”, subliñou.



Agora que volveu gañar as eleccións, Campos aspira a facer e rematar moitos dos seus proxectos principais, como abrir o novo Centro de Atención a Maiores, que dará resposta a “unha das necesidades sociais máis grandes que temos hoxe na localidade”, pero tamén levar a cabo unha iniciativa de tipo turístico, a ferrería de Bogo.

Campos explica que a residencia pública na Chousa de Abaixo de Vilaoutriz, “quedarán rematada nun ano” e puxo o foco en que funcionará seguindo un modelo propio que ten a

institución provincial, que radica en ser centros de pequeno tamaño e cunha atención de alta calidade moi próxima á xente. “Queremos que as nosas persoas maiores queden a vivir preto da casa e dos seus veciños, evitando ante todo que teñan que marchar lonxe de aquí e, a maiores, esta residencia creará novos postos de traballo na Pontenova”.

Entre as súas prioridades para o próximo mandato atópase a restauración da Ferrería de Bogo, continuar mellorando as vías de comunicación ou contar con banda ancha en todo



Campos nunha rolda de prensa días antes dos comicios



## Concelleiros

- Darío Campos Conde PSOE
- Isabel Couto González PSOE
- Francisco Martínez Bermúdez PSOE
- Manuel Alonso Lopez PSOE
- Francisco Javier Rois Freijo PSOE
- Jesus Cabodevila Fernandez PSOE
- María José Canto Seijo PSOE
- Concepción Novo Mourelle PP
- Sonia Fernández Vidal PP
- Eleuterio Labandera Rodríguez PP
- Xorxe Gómez Rico BNG

o termo municipal. Pola contra, o PP representado por Concepción Novo conseguiu 3 escanos e trasladou os seus agradecementos aos veciños pola confianza e sinalou que “temos moita ilusión por

ver mellorar o noso pobo”. O BNG mantén o seu edil con Xorxe Gómez Rico, que rexenta un negocio de perruquería na localidade e foi segundo na lista nos anteriores comicios.

# López reedita o seu cargo

No concello de Lourenzá o PSOE volveu conseguir a maioría absoluta con 7 concelleiros, así a alcaldesa socialista repetirá como á fronte do municipio


A actual rexedora local Rocío López, que encabezou por primeira vez a candidatura local no 2011, conseguiu o seu terceiro mandato co apoio da veciñanza.

López conseguiu 7 concelleiros, un máis que no 2019, o cal se resta do BNG, que fixo 1. Pola contra, o Partido Popular mantívose en 3 edís.

López dixo que “os resultados son históricos e falan por si sós, 7-3-1”, e ademais quixo agradecer aos veciños de Lourenzá o seu apoio ao “depositar a vosa confianza en min e no meu equipo. Non podo estar máis agradecida por todos. Traballamos moito estos 4 anos e a xente valourouno nas urnas”.

Por último, engadiu as súas felicitacións aos outros dous partidos que se presentaron a estas eleccións, PP e BNG.

“A partir de xa toca seguir traballando para seguir mellorando Lourenzá”, rematou dicindo López. “Os nosos veciños depositaron unha vez máis a súa confianza en nós e agora



tócanos a nós responder con máis feitos e seguir traballando”.

No 2015 foi cando conseguiu a Alcaldía por primeira vez e López seguirá con “ilusión e ganas de traballar” para seguir sacando adiante proxectos e iniciativas que favorezan “que a nosa veciñanza poida vivir aquí, colaborando entre todos para que o noso concello medre en servizos, pero tamén en poboación”.

Sobre a súa xestión ao longo destes anos o, destaca a realización de proxectos, como “a construción do campo de herba artificial en Santa

Cruz e a posta en marcha do local multiusos, que hoxe xa é unha realidade, ou o investimento que executamos na rede de estradas municipais, que podo asegurar que foi o maior da historia. O aglomerado neste concello case nin sabiamos o que era, e hoxe podemos presumir de ter practicamente todas as vías arranxadas e con bo firme”, asegurou.

O Partido Popular con Roberto Díaz á fronte agradeceu o apoio e dixo que cre fundamental “recuperar certa actividade no municipio, apoiando



Rocío López do PSOE



## Concelleiros

- Rocío López García PSOE
- Javier Huertas Otero PSOE
- Manuel Arango Ron PSOE
- Mercedes Dengra Sixto PSOE
- Mario Leitón Ramallal PSOE
- Francisco Javier Suárez PSOE
- Sonia Gavino Reigosa PSOE
- Roberto Díaz Expósito PP
- Sandra Gómez Maradona PP
- Remedios Gallo Fernández PP
- Belén Fanego Barreira BNG

as iniciativas empresariais e emprendedoras, pois se hai emprego e o noso pobo resulta atractivo para vivir, conseguiremos incrementar a poboación”.

A formación nacionalista encabezada por Belén Fanego Barreira conseguiu 181 votos. Belén Fanego, traballadora do Sergas, e da parroquia de San Adriano, foi concelleira na corporación entre os anos 1995 e 2003.



# A alcaldesa máis nova

Mayra García Bermúdez gobernará en maioría absoluta, como na pasada lexislatura, e o Partido Popular sumou un concelleiro á corporación

Os trabadenses volveron a darlle a súa confianza á actual rexedora Mayra García Bermúdez, a que fora a alcaldesa máis nova nos anteriores comicios.

Así, a veciñanza deulle a maioría absoluta á socialista con 6 concelleiros fronte aos 3 que conseguiu o PP.

“A valoración é moi positiva, contamos co apoio maioritario dos nosos veciños e estamos moi agradecidos porque cada voto ao PSOE é un voto de respaldo ao traballo e á xestión feita”, apuntou García Bermúdez.

“En Trabada, gañámoslle á cacada por terceira vez, polo tanto quedan 4 anos máis de progreso sumados aos 8 anteriores nos que o noso compromiso é seguir traballando como ata o de agora, coa mesma ilusión e dedicación e para todos os veciños”, dixo tras ser reelixida.

A veciñanza apostou firme por Bermúdez, quen explicou que, tralo impulso de políticas progresistas, as tornas cambiaron no Concello. “Agora xa aparecemos

no mapa. Nestes intres o noso concello lidera o primeiro Índice de Desenvolvemento Rural Sostible de Galicia, tal e como sinalan os estudos das Universidades de Santiago e A Coruña, e fixémoslo poñendo en marcha propostas como o punto de atención á infancia, así como diferentes programas de conciliación que antes non existían”, sinalou Mayra García. A alcaldesa de Trabada lembra a situación do Concello cando chegou no 2015 a Alcaldía: “Herdamos un Concello cunha rede de estradas intransitable e moi deteriorada, con inmobles nos que

chovía dentro e no que apenas se facían obras. Tampouco se realizaban actividades lúdicas, nin para os máis pequenos, nin para os maiores. Un Concello sen ningún servizo público municipal, porque Trabada lles pertencía a eles, e tamén un Concello sen un céntimo”. Pola súa banda, o Partido Popular encabezado por José María Fernández, sumou un edil e case duplicou o número de votos pasando de 172 a 312 respecto ao 2019. Fernández destaca do resultado “o noso ascenso en apoios pois subimos case 140 votos e estivemos moi preto do cuarto conce-



Equipo de Goberno do PSOE de Trabada

lleiro. Fixemos un bo traballo e creo que o resultado foi moi merecido. Nós contabamos con obter o cuarto concelleiro pero, se non fose por que o PSOE mobilizou moitísimo ao seu electorado, eu creo que poderíamos acadar o cuarto edil”.


O popular di que “non temos

outra aspiración que a de dar ao noso pobo o mellor. Estamos facendo un bo traballo e contamos co respaldo da xente máis que nunca, e agradezo a confianza dos veciños e do meu equipo de traballo”, rematou dicindo.

O BNG xa non se presentou nesta municipalidade.

## Concelleiros

Mayra García Bermúdez PSOE  
Julia María Barcia Fernández PSOE  
Rubén García Freije PSOE  
Mari Carmen Amor Prieto PSOE  
Suevia Reimondo Gasalla PSOE  
Rosa María Pérez Prieto PSOE  
José María Fernández Vázquez PP  
Eliseo López Villar PP  
Juana María Rodríguez Maseda PP



## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
Concello: 982 55 80 01  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
Concello: 982 12 40 02  
Garda Civil: 982 12 41 94  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
Concello: 982 58 60 00  
Policía Local: 982 58 62 11  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
Concello: 982 55 77 77  
Policía Local: 615 52 10 52  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
Concello: 982 14 00 27  
Policía Local: 982 13 36 40  
Garda Civil: 982 14 04 44  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
Concello: 982 12 10 06  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
Concello: 982 52 40 03  
Policía Local: 982 50 70 40  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUROL**  
Concello: 982 55 91 09  
Garda Civil: 982 56 10 39  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
Concello: 982 34 22 77  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
Concello: 982 12 86 50  
Policía Local: 982 12 86 50  
Garda Civil: 982 12 80 48  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
Concello: 982 13 50 11  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
Concello: 982 57 40 00  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
Concello: 982 59 00 02  
Garda Civil: 982 59 01 81  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
Concello: 982 56 01 28  
Policía Local: 982 56 29 22  
Policía Nacional: 982 56 17 11  
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
Concello: 982 59 20 01  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

**TELÉFONOS DE INTERESE**

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085  
 Urgencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062

[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)



# DEPUTACIÓN

## Invisten 2,1 millóns na mellora de servizos e infraestruturas

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou investimentos por un importe que supera os 2,1M€ para a dotación e mellora de servizos públicos e infraestruturas dos veciños e veciñas da provincia, así como o apoio ao sector primario, a través da colaboración cos concellos e co tecido asociativo.

Por unha banda, saíu adiante a licitación das obras para a instalación do alumeadado e a renovación das redes de abastecemento e saneamento da estrada provincial LU-P-4401 ao seu paso polo centro urbano da Pastoriza. Estes traballos contan cun investimento provincial de preto de 340.000€.

A Deputación destinará ao Concello de Meira practicamente 134.000€ para a construción da cuberta da pista de pádel da localidade e 115.000€ ao Concello de Ribeira de Piquín para acometer as obras de humanización e mellora do espazo público contiguo ó Centro de Día e á escola vella en Chao de Pousadoiro.

Gracias á cooperación económica da institución provincial por preto de 100.000€, o Concello de Pedrafita do Cebreiro poderá mellorar a rede de abastecemento en San Pedro de Riocereixa; e a seguridade viaria dos accesos ó mercado municipal; ademais de adquirir unha parcela urbana na Avenida de Castela e un equipamento para bombeo de auga en Liñares. Rivera Capón informou así mesmo da aprobación dun acordo co Concello de Trabada a través do que a Deputación aporta 115.000€ para a construción dun campo de bolos tradicional no complexo deportivo

do municipio, actuacións de mellora neste mesmo espazo deportivo e a renovación dos servizos da rúa Joaquín Velasco.

Negueira de Muñiz recibirá practicamente 90.400€ de fondos provinciais para mellorar a vía municipal de Carballín a Bustelo.

Por outra banda, a Deputación destinará a Ribas de Sil un investimento de 115.000€ para a adquisición dun edificio na Praza do Ladrillo en San Clodio, a construción dun equipamento municipal para os vehículos do servizo de Medio Ambiente e a pavimentación de vías no núcleo de Nogueira.

O Concello de Ribadeo dispoñerá de 215.000€ para acometer a renovación do pavimento e a dotación de servizos na rúa Manuela Barreiro Pico, afirmou o Deputado, quen tamén explicou que o Concello do Valadouro contará cun investimento de case 100.000€ para acondicionar un aparcamento de autocaravanas, mellorar un camiño en Esteleiro, a pavimentación de accesos a Cabezán e a implementación da Rede LoRa, unha tecnoloxía para mellorar a conectividade no municipio.

**CULTURA.** Noutra orde de asuntos, a Xunta de Goberno deu luz verde á chegada de 15.000€ para a organización do evento Música Tradicional no Val e, tamén no Valadouro, a mesma cantidade, 15.000€, para a celebración da actividade Febreiro'23: Mes Gandeiro no Valadouro.

Así mesmo, a Deputación colaborará con 40.000€ na celebración do Esmorga Fest e con 15.000€ para o

Festival Vrao, no concello de Foz. Tamén relacionado coa cultura, o Concello de Muras recibirá 31.700€ da Deputación para a celebración da sétima Romaxe Artesá da Chaira, que terá lugar esta fin de semana, e a Homenaxe a Antía Cal.

**SECTOR PRIMARIO.** Noutra orde de asuntos, a Xunta de Goberno aprobou colaborar coa Asociación Hijas del Divino Celo Rogacionistas, de Burela, cunha achega de 25.000€ para acometer o acondicionamento, reforma e equipamento dunhas vivendas para dotar á localidade e ao conxunto da Mariña dun espazo para emerxencia social.

Aprobou tamén colaboracións económicas con catro entidades que traballan neste eido. Así, a Sociedade Cooperativa A Carqueixa recibirá 16.000€ para sufragar os gastos da actividade Da granxa ao comedor. A Asociación de Criadores e Criadoras de Ovino e Caprino de Galicia (OVI-CA) contará cun apoio de 22.000€; a Federación Rural Galega (FRUGA), con 39.500€ para un programa de actividades divulgativas, promocionais e de valorización dos Viños da Indicación Xeográfica Protexida Terras do Navia; e a Asociación de Criadores de Raza Porcina Celta, 18.500€ para sufragar os gastos derivados do programa para implementar a garantía de orixe dos produtos de Porco Celta.

Tamén aprobou a licitación do servizo de dinamización, posta en valor e mantemento dos hortos urbanos do río Rato por case 282.000€ e 24 meses, con opción de dúas prórrogas.



## Renovado o convenio con Acruga para a recría de xatas

A Asociación de Criadores de Raza Rubia Galega renovou o convenio que mantén coa Deputación de Lugo para a recría de animais puros na granxa Gayoso Castro. A institución provincial destinará 172.000 euros ao ano, durante as anualidades deste 2023, e de 2024, 2025 e 2026, co obxectivo de seguir apoiando á raza autóctona de carne. Este convenio tamén supón unha importante axuda para os gandeiros de raza rubia, aos que a asociación compra as xatas de poucos meses destinadas ao centro de recría da Deputación para, unha vez preñadas, ofrece-las en poxas aos gandeiros que se incorporan á raza ou aos que precisan de máis animais de calidade para a súa explotación. No últimos catro anos adquiríronse desta forma un total de 360 animais de alto valor xenético a criadores de Acruga.

A recentemente acordada renovación supón seguir un camiño que

comezou en 2007 coa firma do primeiro convenio, cando o centro de recría de Castro Ribeiras de Lea comezaba o seu funcionamento cun rabaño pequeno. Desde entón, con altibaixos debidos sobre todo a inmobilizacións do gando por probas de saneamento, a actividade na granxa e a venda de animais en poxas foron constantes, máis se se compara coas vendas e a evolución dos prezos doutras razas de carne a nivel nacional.

A colaboración entre Deputación e Acruga para formar ese denominado rabaño de elite comezou coa celebración de cinco ou seis poxas ao ano, mentres que nos últimos anos foron moitos os concellos da provincia lucense e tamén algún do resto de Galicia os que solicitaron este tipo de poxas coas que dar resposta á forte demanda.

Durante estes anos, non só aumentou o número de poxas celebradas cada ano, senón os prezos medios dos exemplares.



**MÚSICA E MEMES.** O deputado de Participación Cidadá, Roberto García Pernas, e a alcaldesa de Viveiro e tamén Deputada de Muller e Igualdade, María Loureiro, participaron no concerto do ciclo Música e Memes, impulsado pola Deputación de Lugo, que se celebrou no Teatro Pastor Díaz dentro do programa Música e Memes. Este programa achega a música clásica ás novas xeracións a través dos memes e do Trío K. 498 Kegelstatt para clarinete, viola e piano, de W.A. Mozart. Este ciclo permitiu que máis de 625 estudantes de secundaria e ciclos da provincia coñeceran un estilo musical menos habitual nestas xeracións.

## Achega á APEHL para a promoción turística e gastronómica

A Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, vén de asinar no Pazo de San Marcos un convenio de colaboración co presidente da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería de Lugo (APEHL), Cheché Real, a través do cal a institución provincial achega 40.000€ ao colectivo para levar a cabo diferentes accións na promoción turística e gastronómica da provincia.

García Porto enmarcou este novo apoio coa APEHL "na colaboración permanente da institución provincial cos sectores produtivos, máis

concretamente cos estratéxicos, como é o caso do de servizos, que supón unha fonte de riqueza e de emprego moi importante para a provincia". Asegurou que o traballo en común entre as administracións e o sector "é fundamental para aproveitar todo o potencial turístico que ten Lugo, apostando conxuntamente por un modelo de turismo sostible, de experiencias, que pon en valor o patrimonio histórico e cultural, e con capacidade para atraer visitantes durante todo o ano".

Entre as accións que o colectivo leva-

rá a cabo coa achega da institución provincial está a promoción e difusión da marca...E para comer Lugo, un lema que fai referencia a unha das grandes excelencias da provincia como é a súa gastronomía.

O colectivo ofrece a través desta marca, que conta coa súa propia páxina web e redes sociais, información turística de interese para o visitante e unha ampla oferta de establecementos de hostalería e de aloxamentos turísticos da provincia. Así mesmo, estes fondos permitirán á Asociación desenvolver un curso de especialización en enoturismo.



# DEPORTES

## Mondoñedo e Barreiros contarán cunha nova edición do Campus Celta

Mondoñedo e Barreiros contarán neste mes de xuño cunha nova edición dos Campús de verán Fundación Celta by Cabreiroá 2023, no que os rapaces poderán desfrutar do deporte cos técnicos da canteira do RC Celta.

En Mondoñedo o campus terá lugar do 10 ao 14 de xullo no campo de fútbol Viñas dá Veiga. E en Barreiros do 31 de xullo ao 1 de agosto no campo de As Vallas, en San Miguel de Reinante e do 2 ao 4 de agosto no campo de O Cascabeiro en San Cosme.

Os campus están destinados para nenos e nenas de 4 a 16 anos e as inscricións xa están abertas. Todos os campus levarán a cabo desde as 9.45 horas ata as 13.45 horas. Entre as 9.30 horas e as 9.40 horas levarán a cabo os protocolos de entrada e entre as 13.50 horas e as 14.00 horas levarán a cabo os protocolos de saída.

## A UD Folgueiro do Vicedo prepara o seu torneo de verán

A Unión Deportiva Folgueiro do Vicedo informou da realización os vindeiros 15 e 16 de xullo do torneo Folgueiro League.

Así, comunican que todos os equipos que estén interesados poderán anotarse gratuitamente chamando ao 626 597 114. Polo momento tan só están anotando para poder planificar o torneo que se celebrará no campo de Boavista.

## O 30 de xullo será a Viveiro Bike Xtreme

O 30 de xullo celebrarase a nova edición da Viveiro Bike Xtreme, unha proba que será a última cita da Copa Galicia de BTT Maratón. Para participar é necesario anotarse na web antes do 15 de xullo.

Noutras edicións contou coas categorías Sub23 Fem., Sub23, Master 60 Fem., Master 60, Master 50 Fem., Master 50, Master 40 Fem., Master 40, Master 30 Fem., Master 30, Élite Fem., Élite, Cicloturismo, Junior Fem., e Junior.

Esta proba terá dúas modalidades a corta de 40 quilómetros e a longa de 65 que ademais terá tamén o campionato de Galicia de 65 quilómetros.

## Sétima Copa Galicia coa triste despedida da capitá, Peque



No Pavillón Agustín Mouris de Noia disputouse a final da Copa Galicia, Ence Marín Fustal Vs Pescados Rubén Burela FS. Eran as favoritas e ségueno sendo, as mariñas fixéronse unha vez máis co título autonómico por sétima vez e conseguindo os 3 de 3 títulos polo momento disputados nesta tempada 2022-2023. Unha vitoria moi merecida despois dun partido onde as Raíñas Laranxas mostráronse superiores durante os 40 minutos, cun resultado final de 1-5 que puido ser máis avantaxado de non ser pola boísima actuación de Silvia, á que outorgaron moi merecidamente o MVP do partido.

**PEQUE.** Antes do último partido de Liga os veciños de Burela reuníronse para pasar un bo rato e homenaxear á capitá Peque, que se despide do club esta tempada. Peque chegou a Burela na tempada 2011-12, permanecendo no club 5 anos. Na tempada 2018-19 volveu dende Italia e formou parte, como unha das xogadoras chave, do mellor momento do Pescados Rubén Burela FS. Durante este tempo conseguiu 4 Ligas nacionais, 6 Copas da Raíña, 5 Supercopas de España, gañar a 4 Nations Futsal en Italia, a Futsal Women's European Champions en Lugo e 5 Copas Galicia.

## Os veteranos da SD Burela proclamáronse campións da Liga Provincial de División de Honra



O alcalde, Alfredo Llano, e o concelleiro de Deportes, Ramiro Fernández, participaron no acto de recoñecemento aos veteranos da SD Burela tras proclamarse campións da Liga Provincial de División de Honor de Veteranos de Fútbol.

Fernández Rey dixo que "o Concello sempre está a carón do deporte local polos valores que fomenta e pola promoción que

realiza de Burela nas diferentes competicións nas que participan. Neste caso quixemos ter un recoñecemento cos veteranos da SD Burela".

O concelleiro de Deportes sinalou: "agardamos que sirvan de exemplo para as xeracións que veñen detrás e para todas aquelas nenas e nenos que están a iniciarse en calquera deporte neste momento".

## Viveiro acollerá o Torneo Internacional U18 feminino

Viveiro acollerá no vindeiro mes de xuño o Torneo Internacional U18 de baloncesto feminino que entre o venres 16 e o domingo 18 enfrontará ás xogadoras promesas do Hungría, Bélxica, Alemaña e España.

A disputa desta competición forma parte da preparación do equipo nacional que volveu elixir Viveiro para a concentración de cara ao Campionato de Europa que se disputa do 1 ao 9 de xullo

en Turquía.

"Para nós é un orgullo poder ser sede dun Torneo Internacional deste nivel así como volver contar coa estadia da selección. É moi importante para nós e estamos moi agradecidos de que unha entidade da importancia da Federación Española de Baloncesto conte co Concello de Viveiro", subliña María Loureiro que agradece tamén ao CB Viveiro e a AD Drocer a súa implicación.

## Nova edición do campus de verán do Club Ximnasia Viveiro

Volve o Campus de verán do Club Ximnasia Viveiro para nenas e nenos a partir dos 4 anos que practiquen ou non ximnasia rítmica. Realizarase no pavillón municipal, no parque Pernas Peón e na praia de Covas.

Será do 3 ao 28 de xullo e ten un prezo por semanas e desconto por irmáns. O horario será de luns a venres de 10.00 a 14.00 horas e

contará con servizo de madrugadores gratuito de 9.00 a 10.00 horas. Ademais, haberá actividades de baile, preparación física, manexo de aparatos, técnica corporal, acrobacias, ballet, xogos, manualidades... e moita diversión.

Hai prazas limitadas polo que compre anotarse antes do 30 de xuño no correo campuscxviveiro@gmail.com ou chamando ao 605 568 592.

## Foz acollerá a proba da CopaTT 4 Estacións que será en formato Enduro

Foz acollerá a seguinte proba da CopaTT 4 Estacións e que será os días 17 e 18 de xuño. Nesta ocasión, o formato de carreira será de Enduro, con cronos e controis horarios, aínda que respectaremos a volta de recoñecemento ao Rally, pudiéndose recoñecer as cronos unicamente a pé.

As inscricións xa están abertas e como sempre agasallarán aos máis rápidos en inscribirse con desconto.

Os rexistrados na carreira de Cabazarrubias del Puerto, que foi cancelada, en caso de non poder acudir á proba de Foz, xa poden reclamar a devolución da súa inscrición a través de info@copatt4estaciones.com

O venres 16 de xuño de 17.00 a 20.00 será a apertura da oficina de carreira, recollida de dorsais e recepción de inscricións para pilotos con licenza federativa válida.

O sábado 17 ás 8.00 horas farase a



apertura da oficina de carreira e a recollida de dorsais para dar paso ás 10.00 horas da volta de recoñecemento, non podendo tomar a saída despois das 12 horas.

Xa a media mañá será o Special Test Husqvarna, tramo cronometrado, e ás 16.00 horas a apertura do parque pechado no que é obrigatoria a entrada da motocicleta, xa que se colocarán as motos no lugar da saída do día seguinte.

Na xornada do domingo 18 a saída será ás 9.00 horas e pola tarde ás 15.00 horas a entrega de premios.



# “Para que isto perdure fai falla xente nova que se implique”

Jorge Galante é o presidente do Club de Tiro con Arco Iadovi

## Como e porque naceu o club?

O Club de Tiro con Arco Iadovi, nace en agosto 2013 en San Cibrao. Nun principio foi creado por ex seteiros do Club Castelarco de Alfoz e hoxe en día con sede en Ferreira.

## Por que ese nome?

Toma e seu nome dous habitantes celtas que vivían entre ou río Masma e o Landro (extraído do Libro: Os pobos celtas do Noroeste da Península Ibérica; Manuel Alberro), co obxectivo de ser un club que represente a unha zona da Mariña e non a unha soa localidade.

## Quen se atopa na directiva?

Actualmente a directiva esta formada pola súa presidenta Ana María Briones e Jorge Galante Pérez exercendo de tesoureiro, son os socios fundacionais que quedan. Despois como secretario incorporárase ao club en decembro do 2013 Jose Manuel García Córdido coñecido como, O Campaneiro, veciño de Burela, e tamén ex seteiro do Castelarco. En abril do 2015 unírase como vogais José Antonio Rico Pernas, Pacheco, tamén de Burela, e en outubro deste mesmo ano Sergio López Delantero, Chechu, tamén veciño de Burela, que exerce como vocal.

## Como afrontan esta tempada?

Como todas, con moita ilusión, adestrando e competindo naqueles trofeos e campionatos que poidamos asistir, tanto a nivel autonómico, nacional e gracias a Santiago González Villares, Sargadelos, en eventos internacionais. Aínda que o ano da pandemia fíxose notar, xa que custou volver a rutina de competicións, pero pouco a pouco vámonos incorporando as competicións.

## Con cantos membros contan?

A día de hoxe temos un total de 16 seteiros, tres son mulleres (2 na categoría veteranas e outra sénior), un rapaz na categoría infantil, 8 seteiros na categoría masculina veterana e 4 na masculina sénior. A actividade ten neste momento a sección de arco recurvo (olímpico), composto a poleas, arco espido e arco tradicional.

## Cales son os requisitos?

Non temos idade de inicio establecida, pero recomendamos a partir dos 7 anos pola cuestión da atención dos nenos que se esgotan rapidamente. Normalmente a xente se achega a nos cando nos ven adestrar no campo de fútbol de Cangas de Foz para preguntar, xa que o tiro con arco segue sendo un deporte descoñecido, pouco habitual de ver. E hai quen

pide probar a tirar unhas frechas, se temos nese momento o equipamento de iniciación (arcos menos potentes) xa os poñemos a funcionar e se non quedamos con eles para outra ocasión. Polo que vimos a maioría da xente gústalle a actividade, e desfruta tirando frechas. Todos os que probaron e quixeron seguir con nos, teñen que pagar a cota de entrada no club, a cota anual establecida, licencia federativa e una pequena cantidade para o monitor que o vai adestrar ata que se poida desenvolver pola súa conta.

## Como son os adestramentos?

Non hai días fixos de adestramento xa que todos temos os nosos traballos o que fai difícil fixar unha data. Pero sempre estamos dispostos a ensinar e formar novos seteiros. E se alguén esta interesado, con chamarnos e suficiente, facemos o posible por atendelo.

## Cal é o palmarés do club?

Dentro das nosas filas temos campións, e subcampións autonómicos en tiro con arco recurvo, nas distintas categorías, os meus fillos Gabriel e Ángel competiron por Castelarco nas categorías inferiores e despois en Iadovi (agora por estudos deixaron de adestrar). Na categoría sé-

nior e veterano tamén temos títulos tanto masculino como en feminino. A nivel nacional na actualidade destaca a participación de Santiago González Villares na división de arco espido, que conseguiu en varias ocasións proclamarse campión de España e subcampión dependendo da modalidade do torneo no que participase (tiro de campo, 3D, o tiro tipo precisión).

## Contan con instalacións?

Neste momento adestramos en varios sitios, xa que como comentei antes traballamos a quendas, e vivimos en distintos concellos, hai xente de Viveiro, Xove, San Cibrao, Burela e Foz, e dependendo destas circunstancias adestran tanto en San Cibrao no pavillón municipal, no colexio do Galdín ou no campo de fútbol de A Senra de Cervo (dependendo dos horarios de que dispoñan os seteiros e os que estean libres nas instalacións). Todo elo gracias a colaboración do Concello de Cervo, aos directivos do colexio publico N1 de San Cibrao e a Asociación de Montes de A Senra. Por outra banda adestramos tamén no campo de fútbol de Cangas de Foz, e no colexio Fondo Nois, gracias a colaboración de la Asociación Deportiva Os Castros y a la dirección de colexio Fondo Nois.



En canto a instalacións para competir, bótase de menos instalacións propias como teñen en Madrid a Federación Nacional ou a Federación Madrileña de tiro con arco (Centro de Alto Rendemento). Pois a nosa Federación non conta con instalacións propias polo que as competicións se celebran nas que teñan os clubs que as organicen. No noso caso sería difícil xa que habería que cadrar datas. Non e a primeira vez que se anula una competición de arco en Galicia debido a coincidencia de eventos no mesmo sitio, ou si se celebra, en instalacións que non reúnen as condicións establecidas pola propia Federación galega, pero que de outro xeito tiña que haberse anulado.

## Entón a necesidade é a dunha instalación propia.

Si. Necesitamos instalacións propias para adestrar. Isto sería o ideal para poder reunir a todos os nosos seteiros nun só centro. Na concellería de deportes do concello de Cervo son conscientes desta necesidade e segundo nos consta teñen un proxecto de ampliación das instalacións de-

portivas en San Cibrao no que parece que nos inclúen, e teremos un espazo para nos, pero e un proxecto que vai levar o seu tempo.

## Teñen proxectos de cara ao futuro?

Gustaríanos poder crear o noso trofeo e que deportistas tanto da nosa comunidade como do resto do estado acudiran a el.

## Como veremos ao club dentro dalgúns anos?

Non o sei, non temos relevo xeracional, os que estamos temos de media os 50 anos. Para que isto perdure fai falla xente nova que queira implicarse neste deporte.

## Que é o que máis lles gusta deste deporte?

A superación persoal pois so competes contra ti mesmo. Estas adestrando e íllaste dos problemas, e así comezas a cometer erros e a frecha non perdoa, en vez de o dez fas un nulo. É gratificante cando despois de adestrar días, semanas ou meses logras impactar no centro da diana. Ten algo que enganxa, e queres repetir pero cometes un pequeno erro e xa non e o dez e un nove e non vale, volves repetir, e repetir, e repetir ata que consigues outra vez o dez. É así sempre, intentando conseguir a perfección no tiro, perseguindo esas sensacións de que antes que saia a frecha do arco sabes que vai ser un bo resultado, incluso antes de que impacte na diana, ten algo de hipnótico.

## Algún consello para aqueles que queiran comezar no mundo do arco?

Paciencia e perseveranza. Un seteiro formase ao longo do tempo, tras moitas horas de adestramento tanto físico como mental. Os que empezan dinme que teñen boa puntería por isto e aquilo, e que cren que poden ser bos, ao que eu lles respondo que non e cuestión de puntería senón de sensacións. Estas sensacións en tiro con arco e como che queda o corpo unha vez que terminas de colocarte ben na posición de tiro e logras no momento exacto transmitir o empuxe e o xiro escapular antes de soltar a frecha e todo iso sen variar a postura. De aí que un dos campións olímpicos fose case cego. As sensacións corporais do coreano foron mellores que o resto de arqueiros nesa competición.

## Santi González, arqueiro do club

### Dende cando forma parte do club Iadovi?

Formo parte do club desde o verán do 2018. Xa vou para 5 anos.

### En que categorías participa?

Participo na modalidade de arco espido, chámanlle así porque ven sendo un arco recurvo do mesmo material pero sen axudas tales como mira, clicker...(apuntamos coa punta da frecha).

### Cal é o torneo máis destacado no que participou?

Todos teñen algo especial pero sen dúbida a participación no campionato do mundo formando parte dunha das 3 prazas masculinas que compoñen o equipo nacional foi o que máis, quedando na 19 praza.

### Cal é o seu palmarés?

O meu palmarés empezando a nivel galego obtiven 3 campionatos galegos en sala de diana a 18 metros; 2 de 3D (caza animais simulados en monte); 2 de aire libre de 50 metros; 2 de campo con diversas



dianas en monte; outro de 3D en sala e algún de liga; outros dous subchampionatos de sala e 3D e algún que outro torneo disputado. A nivel nacional teño un bronce de 3D de sala; dous subchampionatos de España de sala e 3D en monte e 2 ouros en campionatos de España, un en campo e outro de sala. Internacionalmente conseguín un posto 19 no campionato mundial de campo celebrado en Yankton, EEUU; e un 8º posto nun torneo de Copa de Mundo celebrado en Nimes, Francia.

### Algúnha lembranza especial dalgún campionato?

Todos campionatos teñen algo de especial pero creo que o que máis lembro foi a primeira vez que participaba nun campionato galego e conseguín o bronce, xa que levaba só uns meses tirando e non o cría, foi moi emocionante. Igualmente co primeiro podio nacional e a participación no campionato do mundo o pasado ano do que non me dera tempo nin de sinalo.



# COLABORACIÓNS

## Remedios, que non menciñas

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**E**n ocasións, estou moi de acordo con Enrique Ballester, leo os seus artigos ao tempo que aprobo coa cabeza, e coma el, tamén aborreo as biografías que aparecen nas solapas, porque unha cousa é o que somos, e outra ben distinta, o que queremos ser. Del aprendín que coa idade, hai problemas que non se resolven engadindo un centrocampista por dentro.

Cando era nena, atopaba solucións evidentes aos problemas que xurdían nun mundo construído para unha nena que axiña tivo que medrar. Agora, que non medrei por fóra moito máis ca daquela, si atopo obstáculos a aquela resolatividade que me caracterizaba daquela, cando era unha cativa, así que imaxino que por dentro medraría algo máis.

Para non perder a costume, vou a plantexar un problema do que

non domino a materia. Porque se falase unicamente do que profundicei ao longo da vida, aborreceríavos todos os meses falando de Matemáticas, e aí si que atopo problemas irresolubles, non coma os que plantexo aquí. Todo canto sei e podo explicar, diría o entrenador do Foz, cabe nun dedal. Ou o que é o mesmo, se centra exclusivamente nesta materia, as matemáticas puras. E coma Ramanujan, o home que coñecía o infinito, tamén moitas veces quero máis ás letras (números expresados en linguaxe matemática) cas persoas, porque me resultan infinitamente máis doadas de probar. E con probar refirome a demostrar, que no caso das persoas, a meirande parte das veces trátase de demostrar actuacións, que non teoremas, que carecen dalgún sentido. As máis das veces, nin as entendo nin as pretendo entender, ás persoas. E coas Mates pásame ao contrario que aos meus alumnos máis teimudos, canto máis as estudo, máis as entendo, porque a diferenza das persoas, sempre se rixen polo rigor e a lóxica. Son elas as que

dan resposta aos meus dilemas internos.

Hai problemas para os que urxe unha solución, ou pasar por intentalo, sobre todo, cando hai un problema xa admitido. Agora que estou co intensivo preparatorio para ABAU, lembro a de anos compartidos con Iván, e fago unha excepción poñéndolle

o tivo claro, quería ser médico e agora é internista. Pero iso foi o froito de moitísimo esforzo, tanto coma dedicación pon agora polo que fai. Coido que é unha desas profesións vocacionais, das que hai que escoller e para as que hai que valer. Non atopo outra opción admisible, por iso sei da valía desta profesión. Conto que

sa. Pero escoitar a Iván falar neses termos do que tanto ama foi desolador para min. Non entendo como tendo profesionais tan valiosos, poden estar tan cansos froito dun sistema que non funciona. Descoñezo se isto é político ou se podemos facer algo desde abaixo, pero desde logo o que está claro é que algo hai que facer. Porque moitos dos meus mellores alumnos queren ser médicos, e dinmo ilusionados, co brillo da inocencia na mirada. Non entendo como Iván o puido perder tan axiña, moito ten que estar pasando, e desexo que aínda estemos a tempo de que o recupere. E non sei se o podemos escoller o domingo, francamente non o creo, coído que é algo que trascende ás identidades políticas. O cambio pode vir por empezar a valorar ás persoas polo que son e polo que fan, non somos un número, somos moito máis ca iso. E así nos gusta que nos traten cando estamos enfermos, sobre todo, pero tamén cando non. Nada me gustaría máis que volver ver os ollos de Iván vidrosos.




o nome completo, porque o merece. O Doutor Fernández Castro agora, xa o era daquela un pouquiño. Tardes e tardes man a man, sentando as bases dunhas cabeciñas científicas a punto de ebullición. Desde ben pequeno el

temos neste sector un tesouro, pero os tesouros son as persoas. Adoitaba ler e escoitar queixas, pola mala xerencia, os tempos de espera, as ratios de médicos por poboación, as condicións laborais... son frecuentes na pren-

## Mahler vs. Mundo

CULTURA



Rebeca Maseda

**C**omo pode unha sinfonía cuxa tonalidade principal é mi menor ser tan exultante e sensual? Por paradoxal que pareza, a Sétima de Mahler non abre os ceos para o seu compositor senón que demostra os problemas que xorden na colisión do individuo coa totalidade da existencia. Con todo, esta sinfonía brilla, brilla como unha estrela nocturna, tan lonxe, tan preto. Isto aínda non está tan claro na apertura ("aquí a natureza roxe", escribiu Mahler). No segundo compás comeza o caloroso e resoante solo da trompa tenor que, a pesar da súa estrutura interválica que apunta cara abaixo e a súa posta nun compás algo inquieto, ofrece reconciliación e come-

za un arioso amplo. A transición á enérxica sección principal ten lugar nunha esfera tonal estrañamente sobria que, a pesar de varios sinais rechamantes, parece hermética. A continuación segue unha forma de sonata tradicional claramente dividida nunha exposición, desenvolvemento, recapitulación e coda. Sen dúbida, un primeiro movemento complexo, un universo en si mesmo.

A primeira 'Nachtmusik' é un Allegro Moderato; Mahler comparouna coa atmosfera da 'De Nachtwacht' de Rembrandt. Formalmente, o movemento componse de varias seccións de marcha que cambian de maior a menor, alternando entre dous tríos -un en estilo de canción popular e o outro lírico e melancólico-. A segunda 'Nachtmusik' é un Andante Amoroso: poderíamos imaxinar perfectamente a Romeo ante nós no balcón de Julieta cunha guitarra nas súas

mans. El canta unha fermosa e simple canción, unha canción de amor cuxa melodía evoca a música das cervexarías vienesas.



Para o biógrafo de Mahler -Kurt Blaukopf- "anticipa o estilo sinfónico de cámara que Arnold Schoenberg estableceu coa súa 'Sinfonía de Cámara'. Mahler colocou un Scherzo en-

tre as dúas noites que lembra unha grotesca escena de baile do reino dos espíritos. Un -algo diferente...- 'Soño dunha Noite de Verán' onde sátiros e trasgos intentan fuxir, ás veces sorrindo, ás veces pestanexando tristemente; ás veces enviando escintileos cegadores de lóstregos, ás veces desaparecendo detrás de cada un como sombras; ás veces explosivo, ás veces contemplativo: un erotismo docemente sutil en todo.

Conceptualmente, o Rondo-Finale volve á forma grande. A idea básica é un ritornello, Mahler viuño como a única posibilidade de coordinar externamente os contrastes illados. Ábrese cunha potente entoación dos timbais, fai uso de varios elementos como a fanfarra, a coral e a marcha, e logo iníciase unha viaxe de 15 minutos ata a apoteose en Do maior do primeiro tema. Esta non é a única pasaxe na cal a estreita relación con-

ceptual e material co primeiro movemento da Sinfonía se fai evidente. A estrutura e a textura melódica dos dous temas principais apuntan a material xa escoitado

anteriormente, aínda que o perfil da idea Rondó non ten a mesma profundidade ou peso que o tema do Allegro no primeiro movemento.

Tal vez se poida dicir así: a música de Mahler é o reflexo dun mundo que sofre de si mesmo e asigna o papel de vítima ao individuo, que é a causa deste sufrimento en primeiro lugar. Para el, o elemento máis marabilloso habita directamente á beira do máis horrible, o amor xunto á tolemia, e a tolemia xunto á morte. As imaxes que se producen nos medios de comunicación cada día xa están contidas na música de Mahler. Para entender o mundo e os seus mecanismos, basta con escoitala e soportala unha e outra vez...



## O metaverso no ensino

### O PUPITRE



Julio Díaz

**L**evo semanas escoitando, día a día tamén, que si intelixencia artificial, ciberespacio, avatares dixitais... e despois de traer xa ao meu “pupitre” temas como ChatGPT, os grupos de whatsapp e outros, decidín ir un pouco máis alá e adentrarme no metaverso e no seu impacto no ámbito do ensino e da formación virtual.

Aínda que o “metaverso” pareza algo novidoso, o seu concepto existe desde fai moito tempo; xurde por primeira vez na novela de ciencia-ficción *Snow Crash*, de Neal Stephenson, publicada aló polo ano 1992. Neste libro, o autor fala do internet do futuro, ao que denomina “metaverso” e o define como un ciberespacio de realidade virtual onde se pode experimentar unha segunda vida a través de avatares dixitais.

Os expertos consideran o metaverso como unha ferramenta que pode mellorar o ensino –

aprendizaxe, pero que o seu uso require do perfeccionamento da tecnoloxía, dun amplo e fácil acceso a ela, da creación de contidos inmersivos e de modificar o papel dos docentes, entre outros moitos aspectos.

As posibilidades que para a educación abre esta tecnoloxía son ilimitadas. Permite aproximarse a contidos imposibles nuha aula tradicional, a colocarse en situacións extremas, evitando deste xeito participar en experiencias de alto risco. Imaxínate que os nosos alumnos poidan vivir un incendio incontrolable desde o corazón do mesmo, participar en rescates en situacións extremas ou mesmo explorar desde dentro o corpo humano cunhas simples gafas de realidade virtual. Así, o metaverso permítenos aos docentes promover a aprendizaxe a través da experiencia; mantén aos nosos alumnos motivados e atentos, aumentando a súa participación, eliminando ao mesmo tempo as fronteiras do espazo e da distancia para que os nosos rapaces teñan unha maior interacción.

Un recente estudo da Universi-



dade Oberta de Cataluña identifica catro eixes potenciais do metaverso no entorno educativo. O primeiro, transformar os modelos, contidos e procesos de ensinanza – aprendizaxe. O segundo, adecuar a oferta e a demanda educativa, abordando as brechas dixitais. O terceiro pasa por redeseñar entornas, roles do alumno – profesor e a avaliación. O cuarto e derradeiro, sería o que se refire a implementar no ensino os modelos baseados en ecosistemas formados polos nosos socios no proceso educativo,

como poderían ser as empresas tecnolóxicas e outras institucións.

O reto que nos expón educar nos metaversos é precisamente imaxinar experimentando con ferramentas e propostas educativas creativas, arriscadas e innovadoras, así como deseñar materiais lúdicos, á vez que educativos, que sexan adecuados e atractivos para esta nova xeración dos nosos alumnos que está crescendo con linguaxes inmersivos e interactivos dos videoxogos e das redes sociais.

Debemos saber que educar no metaverso non está exento de riscos e problemas e, de feito, son varios os inconvintes e limitacións, como por exemplo, o uso de cascos e gafas de realidade virtual, como dispositivos mellor preparados para situarnos “dentro” do entorno educativo dixital xerado, resultan en moitos casos, incómodos e, aqueles máis ergonómicos e que informaticamente ofrecen mellores prestacións son obviamente moito máis caros. Así mesmo, como xa aconteceu no pasado, na “primeira realidade virtual”, poderíamos dicir, o uso deste tipo de dispositivos durante longos períodos de tempo poden producir desgaste ocular, dores de cabeza, mareo e mesmo vómitos producidos por intentar introducir o mundo simulado no noso campo visual desde as gafas de realidade virtual.

“O potencial do metaverso está en consideralo como un complemento nos procesos educativos, que nos permiten dar resposta a temas como o acceso a contidos e contornas nas que a inmersión nos aporta un gran valor”.

## Volvemos ás andadas

### COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**N**in máis nin menos. Parecía que a situación no campo galego, especialmente no relacionado coas explotacións gandeiras de leite, estaba tranquila. Ano e medio despois das últimas protestas, motivadas polo de case sempre, é dicir, o baixo prezo que se lles ofrecía aos produtores por parte das industrias lácteas, volvemos por enésima vez escoitar as mesmas reclamacións por parte dos afectados. Estase a falar que a proposta dos novos contratos leva consigo unha baixada do dez por cento a partir do primeiro de abril, o que fará aínda máis insostible a situación de centos de granxas no País. A consecuencia verémola cando se analice a evolución das mesmas, onde se indicará que o seu número é inferior ao do ano anterior, co que iso significa nas zonas rurais, especialmente naquelas onde o

sector ten unha importancia capital, como é a Terra Chá.

As organizacións sindicais e asociacións que representan os intereses do colectivo anuncian mobilizacións. Xa vimos e estamos a ver de novo nas rúas tratores e pancartas con frases reivindicativas que nos resultarán familiares. E idéntica cantinela tamén a observamos nos gandeiros de vacún de carne. Como sentenciaba un dos centos de produtores que se estaban a manifestar: Meu pai gañaba máis cartos hai corenta anos con vinte vacas que gaño eu con sesenta cabezas. Está todo dito.

Voltamos ás andadas, xa que os custes de produción disparáronse nos últimos tempos. Por un lado, as cotizacións á Seguridade Social; como traballadores autónomos que son, cada ano están a subir, independentemente que os beneficios sexan escasos ou nulos. Polo outro, a maldita invasión rusa a Ucraína derivou nun incremento exponencial do cereal que resulta imprescindible para alimentar o gando. Nesta mesma columna, meses atrás faciase fincapé neste problema. No noso

País deberíamos ter capacidade para cultivar suficiente cereal sen necesidade de impórtalo de terras tan lonxanas, pero aquí o lema reiteradamente escoitado era que non compensaba. Pois aí temos o resultado. E finalmente, a pesar de que o consumidor nos supermercados está a pagar tanto o leite como a carne cada vez máis caros, estas subas non están a repercutir naqueles que inician o proceso, é dicir, os gandeiros.

O agro esmorece, aínda que isto non é novo, xa que o leva facendo máis de trinta anos sen que ningún sexa quen de mudar esa tendencia. Causa graza, aínda que non teña ningunha, organizar debates sobre o futuro do campo galego. Expertos e entendidos falan e falan, cheos de razón, con propostas e ideas para reverter a situación. Pero en realidade non visualizamos solucións, máis ben todo o contrario. Inconcebiblemente a pesares das boas intencións e de moito discurso teórico, na práctica continuamos con esta tremenda desfeita. O sector agrario e gandeiro en Galicia, coa importancia que ten desde diversos eidos,

que van desde o económico ata o cultural e sociolóxico, atópase en coidados intensivos. E precisa de remedios efectivos e eficaces,

non de tanta palabra, da cal viven algúns, pero non os gandeiros, quen viven do seu traballo, ou iso pretenden. Igual ca todos.

### O RECUNCHO DE CANELINA





## DE RUTA EN RUTA

# Alfoz: ferverza do Escouridal

Esta ruta situada na serra do Xistral permite contemplar un sobranceiro espectáculo natural

Esta fermosa ferverza atópase entre O Pereiro, no concello de Alfoz, e O Cadramón, no concello do Valadouro, ambos en plena Serra do Xistral, onde os viandantes poderán deixar o coche aparcado ao carón da estrada, xusto preto de onde dá comezo a ruta.

Neste paseo poderanse coñecer distintas contornas desta serra: río, bosque, prados gandeiros e penedos graníticos que ocupan a parte alta da serra. Os puntos máis destacados son a ferverza e a Pena Abaladoira.

Para chegar ata a ferverza o camiño é curto e sinxelo, e está moi ben sinalizado. A baixada cara o salto de auga conta cunhas escalearas e pasamáns de madeira así como con cordas para que sexa máis seguro o descenso. Para os máis aventureiros tamén dispón dunha pequena corda para facilitar chegar á parte superior, desde onde se pode apreciar todo o seu esplendor.

O río de Guilfonso, afluente do río Ouro, forma este salto de auga escorregando por unha pa-

rede de roca para salvar o desnivel do terreo, uns 80 metros de altura.

Está considerada a máis alta de Galicia, e divide os Concellos de Alfoz e O Valadouro, e ten máis de 80 metros de caída entre saltos de auga e tobogáns, cun fondo de roca granítica.

En época de outono ou inverno, e as veces no comezo da prima-

vera, pódese disfrutar do seu gran caudal, debido ás grandes e continuas chuvias.

Unha vez vista volverase sobre os mesmos pasos ata a sinalización que conducirá ata o Cruceiro da Caxigueira, a través dun camiño amplo entre leiras e pastos nos que acompañarán os animais destinados a gando. Finalmente seguiranse as sinais

ata chegar de novo a unha zona un pouco máis espesa en canto a vexetación, e haberá que seguir o camiño ata chegar de novo ao coche. Tamén poderase seguir a ruta cara o alto da serra por un camiño entre unhas casas que despois de pasar o pequeno cruceiro de Faián vólvese carreiro. Divisarase un fermoso panorama de prados intensamente

verdes que culminan con suaves ondas. No medio da paisaxe salpícanse pequenas aldeas.

En definitiva, trátase dun percorrido curto moi ben sinalizado e apto para nenos. En época de choivas hai bastante barro no camiño, xa que é paso habitual dalgún que outro tractor. Non é unha ruta moi aconsellable para xente con mobilidade reducida.



## DATOS



2 horas



6 quilómetros



Dificultade media

## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



**GRUPO  
FORMA-t**

formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:

[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)

TEL.: 982 513 605